

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



I
GA
DI

WE
in the
WORLD

2017

NÓS NO MUNDO

INFORME ANUAL
SOBRE A ACCIÓN EXTERIOR
DE GALICIA

EGAEX Horizonte Post-2020: Que rumbo?



EGAEX Horizonte Post-2020: Que rumbo?

DIRECCIÓN:
Xulio Ríos

EQUIPO COLABORADOR:
Celso Cancela Outeda
Constantino Cordal Rodríguez
Luca Chao
Juan M. Díaz Villoslada
Jesús Gamallo Aller
Andrea Manuela García Corzo
Bernabé González Fernández
Xoán López Facal
Mónica López Viso
Ana Miranda
Fernando Moreiras Corral
David Reinero
Enrique Sáez Ponte

MAQUETACIÓN E EDICIÓN ELECTRÓNICA:
PositiBos.gal

ISSN:
1989-9149

Os puntos de vista que se expoñen nestas colaboracións reflicten exclusivamente a opinión dos seus autores e, polo tanto, non representan o punto de vista oficial do IGADI.
The views expressed here are those of individual contributors and do not necessarily represent those of the IGADI as such.

Índice

- 4** **Presentación**
- 5** **Apuntamentos sobre a EGAEX**
Xulio Ríos
- 10** **A Estratexia Galega de Acción Exterior (Egaex), a debate con PP, En Marea, PSdG-PSOE e BNG**
David Reineró
- 18** **Os concellos galegos na xestión dos Fondos Estruturais europeos**
Constantino Cordal Rodríguez e Mónica López Viso
- 21** **Panorama das accións Jean Monnet e as universidades galegas no período 1989-2016**
Celso Cancela Outeda
- 26** **A cuarta onda nacionalista**
Bernabé González Fernández
- 30** **Galiza sube un chanzo nas relacións con Portugal e a Lusofonía**
Enrique Sáez Ponte
- 33** **Galiza na dinámica dos fluxos internacionais de capital**
Xoán López Facal
- 37** **A nosa Axencia Municipal da Cooperación Galega**
Andrea M. García Corzo
- 41** **Unha ollada á tradución ao galego en 2017**
Fernando Moreiras Corral
- 43** **Os Autores/as**

Presentación

A edición 2017 do *Nós no Mundo-We in the World* centra boa parte da súa reflexión na proposta de **Estratexia Galega de Acción Exterior Horizonte Post-2020** que propón a Xunta de Galicia. Pódese acceder ao texto en: <http://cpapx.xunta.gal/estratexia-galega-accion-exterior>. Ao respecto, incluímos unha valoración con selo propio e tamén as valoracións que realizan as forzas políticas con presenza parlamentaria.

Igualmente incluímos o xa habitual balance do comportamento dos fluxos inversores (**Xoán López Facal**) e algunhas reflexións a propósito de Europa (**Bernabé González Fernández**), as acción

Jean Monnet (**Celso Cancela Outeda**), os concellos galegos e os Fondos Estruturais (**Constantino Cordal Rodríguez** e **Mónica López Viso**) ou as nosas relacións con Portugal e a lusofonía (**Enrique Sáez Ponte**).

A achega sobre a cooperación internacional ao desenvolvemento desde o local (**Andrea Manuela García Corzo**) e unha ollada á evolución do panorama da tradución ao galego (**Fernando Moreiras Corral**) pechan esta entrega, que agardamos resulte de interese e contribúa a reflexionar de forma plural sobre a nosa identidade e acción exterior.

O director

Xulio Ríos

Apuntamentos sobre a EGAEX

Cabe felicitar-se pola proposta deste documento, esencial para dotarse dunha política pública no eido exterior que responda a criterios de mínima calidade e rigor. No afán construtivo que sempre caracterizou o labor do IGADI nesta orde, formulamos en tempo e forma algunhas consideracións co propósito de enriquecelo.

Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que é pouco claro na formulación de obxectivos estratégicos que non se detallan e o seu ton ten mais carácter administrativo ca propiamente político. Non sinala, por exemplo, as grandes liñas de acción que axuden a identificar as rutas principais polas que vai discorrer a nosa política exterior nin afonda nas estruturas nin nos recursos, mais aló do lamento dunha catividade asociada á persistencia da crise, nin nos mecanismos e medidas necesarias para garantir a máxima eficacia posible.

Pola contra, probablemente interesaría incorporar uns parágrafos mínimos sobre a situación europea e internacional e as súas características principais para contextualizar o marco político no que deberá desenvolverse a acción exterior de Galicia nos próximos anos. Hai pinceladas dispersas pero non unha apreciación de conxunto.

É constatable, dende a introdución, un empeño discursivo por exaltar a vinculación da nosa acción exterior coa acción exterior española, cousa obvia, e ao que habería que engadir a propia acción exterior europea na que a española se insire. Pero esta alusión tan reiterada para despexar dúbidas e conxurar propósitos paraestatais, carece de sentido en Galicia pola súa obxetividade como tamén porque nunca se deu aquí

na súa praxe conflito significativo algún coa acción exterior estatal. Galicia destacou sempre pola súa dobre vocación de afondar en liñamentos con vocación de dinamizar as súas singularidades globais e sectoriais pero con expresión de plena lealdade ao marco xeral do Estado.

Procede valorar positivamente as alusións a desenvolver unha política de sedución da Administración do Estado que en correspondencia coa lealdade declarada faga que o propio Estado contemple a Galicia de xeito particular á hora de implementar a súa política exterior. Neste sentido, cabe alegrarse da recollida da proposta dunha conferencia sectorial en materia de acción exterior (o que no documento se denomina Conferencia española de Acción Exterior) que indo mais aló dos asuntos europeos permitiría o fluxo de ideas e as sinerxías entre o Estado e as Comunidades Autónomas (CCAA) nesta materia. Especialmente relevante é convencer a Madrid de que pode arbitrar unha política específica para o mundo lusófono aproveitando a singularidade galega.

Neste aspecto da relación coa Administración do Estado, un capítulo importante non recollido na Estratexia debe aludir aos esforzos a desenvolver para mellorar o recoñecemento e a capacitación das persoas que nas CCAA xestionan actividades relacionadas coa acción exterior. A efectos de formación, a colaboración coa Escola Diplomática neste sentido debería formar parte da normalidade. Igualmente, entre os altos funcionarios cumpriría considerar o seu status.

Galicia, en comparanza mesmo coa época de Manuel Fraga, retrocedeu nos últimos anos na mediación interlocutora entre Madrid e Lis-

boa. Reivindicar Portugal ante España está ben –aínda que ollando cara o conxunto da lusofonía- pero sempre tendo en conta que procede reivindicar tamén a Galicia ante Portugal, aspecto no que resta moito por facer pois persiste un déficit notable neste sentido.

A alusión á proxección exterior da Eurorexión queda en anécdota en vez de asumir un compromiso explícito co seu desenvolvemento. A eurorexión debe construírse cada dentro pero tamén cara fóra. No que atinxe á cooperación transfronteiriza, reivindicándose a súa excelencia, existe un amplo abano de posibilidades do seu fomento en determinadas áreas no marco de estratexias cara esas zonas onde medra o interese por esta fórmula. Aínda a sabendas do dificultoso que é equilibrar as dinámicas de cooperación-competencia a determinados niveis, como acontece no propio país ou coa nosa propia diáspora, urxe ser máis ambiciosos, como recoñece o propio documento, en relación a Portugal.

Está ben reivindicar o consenso como norma para a fixación e desenvolvemento da acción exterior. Cabe reflexionar sobre se a propia Xunta de Galicia non enterrou ese consenso ao aprobar a normativa principal nesta materia prescindindo dunha lei (*DECRETO 178/2015, de 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia*) e obvian-do o debate sobre a mesma.

Sobre o CAEX (Consello de Acción Exterior de Galicia), cabe sinalar que o seu transcurso desde 2009 é manifestamente errático e insulso. Alén de vontades e axendas, o problema de raíz estriba na súa composición, que mestura a abafante presenza administrativa tendente á coordinación, coa presenza externa que responde a claves de asesoría, consulta e participación. A diferenciación do ámbito interdepartamental

do asesoramento semella imperativo para ser eficaz nas dúas dimensións.

Dáse unha notoria importancia ao factor económico-empresarial, pero bótase en falla unha fonda reflexión sobre o funcionamento da Rede Pexga, por exemplo, especialmente á luz da crise vivida na CEG (Confederación de Empresarios de Galicia) con impactos nun modelo que descapitalizou os activos públicos nesta materia.

No eido do turismo e no relativo á posta en valor dos nosos recursos, cumpriría citar a gastronomía, un segmento en auxe e claramente asociado ao valor económico do noso sector primario e agroalimentario, con especial significación no viño.

O chamado selo-país debe ser unha proposta consensuada, evitando abrir outro debate sobre propostas similares (marca-país) e cabe fundalo naqueles valores que nos singularizan, que máis acreditados están no exterior e que chegan máis capacidade de proxección de Galicia no mundo. Neste sentido, a dimensión de Santiago de Compostela cobra especial relevancia.

No eido da cultura, cabe felicitar polo recoñecemento que se fai no documento do elemento singular e diferencial que representan a nosa lingua e cultura, se ben cabe tamén recoñecer que nos últimos anos a xestión relativa a este asunto adoece de enormes taras xustificadas oficialmente pola situación derivada da crise. Sorprende en todo caso que na reflexión neste aspecto se ignore o propio documento elaborado en 2011 polo Consello da Cultura Galega -unha expresión institucional singular da nosa autonomía e do noso sistema político que compre valorar máis-, en materia de reflexión estratéxica sobre a cultura galega que ten ademais un apartado específico sobre proxección exterior.

Neste sentido, ademais da estratexia Portugal-CPLP, o achegamento á UNESCO reviste es-

pecial importancia tanto na dimensión bilateral directa como indirectamente a través dos mecanismos e instrumentos de que dispón o Estado. A Cidade da Cultura, non abordada, debera desempeñar un papel catalizador e debemos aproveitar a súa significación e a de Santiago para utilízala como reclamo de reunións internacionais de actores gobernamentais e non gobernamentais.

Galicia, por outra banda, debe asociarse coa militancia global a favor da diversidade lingüística e cultural sumándose ás iniciativas e programas internacionais existentes neste sentido. Debemos ser un referente para todos aqueles que no mundo teñen preocupacións similares pola preservación da diversidade neste eido.

Respecto da diáspora, elúdese un asunto clave, o futuro dos Centros Galegos. Agora é o momento decisivo para abordalo. Os próximos anos serán determinantes e o feito de confluír vellas e novas olas migratorias (formadas por profesionais e universitarios, en gran medida) podería axudar a transformar eses centros en lugares non só de acubillo dos galegos senón para Vivir Galicia, abríndose ás sociedades de acollida e renovando a súa proxección. Os galegos asociados aos centros son unha minoría e cómpre transcender esa realidade para mellorar a imaxe da nosa sociedade no contexto internacional. Cumpriría en paralelo afortalar a súa participación e representación no sistema político galego.

Na cooperación ao desenvolvemento, cabería matizar a afirmación relativa á madurez do sistema galego de cooperación á vista dos efectos da crise no sector. Concordando cos obxectivos xerais, débese insistir mais no valor engadido que para a cooperación galega, no marco español e europeo, representa o espazo dos PALOP. Só dous países (Cabo Verde e Mozambique) pertencen a esta área dos 10 seleccionados. Cabe

celebrar a reivindicación de Cabo Verde tras as múltiples reservas iniciais expresadas así como o recoñecemento do papel do Fondo Galego neste eido, visionario neste aspecto.

No ámbito da UE, Galicia debe dar un salto cualitativo. Comezando pola propia Fundación Galicia-Europa que require unha adecuación aos novos tempos, mais se é considerada a punta de lanza da nosa política. A participación de Galicia e doutras CCAA na política institucional europea debe seguir medrando e por iso debemos apostar por ela, mellorando a nosa proxección nese entorno en paralelo á facilitación do debate coa Administración do Estado.

No xeográfico sorprende a inclusión de Asia-Pacífico no *totum revolutum* de Oriente Medio e outras áreas xeográficas. Poñer a Xapón ou China ao mesmo nivel de Xordania ou Iraq, poñemos por caso, semella certamente “temerario”. No documento apóstase por diversificar a nosa bolsa de mercados alternativos cuxo potencial de crecemento está acreditado; dise que non podemos seguir dependendo tanto do mercado interior europeo e suxírese ter en conta outros horizontes estratéxicos, reivíndicase a urxencia dunha estratexia de internacionalización que vaia mais aló do vello continente, vólvese abundar na indispensable diversificación xeográfica e entre os mercados a explorar cítase expresamente a China, entre outros. China, xa primeiro comprador global desbancando a EUA, é a segunda economía do mundo e converteuse nun importante inversor na nosa comunidade alén de contar con diversas proxeccións, algunhas de considerable valor cualitativo. É unha irresponsabilidade non aproveitálas. En 2016 investiu en Europa o triplo do ano anterior.

No eido das estruturas, non se afonda no actual esquema de representacións no exterior. Apostando polas Delegacións, cabe reflexionar

sobre o papel da delegación de Galicia en Madrid e o modelo de presenza exterior. Abrir unha delegación en Lisboa sería unha boa noticia. As delegacións permiten un contacto directo coa realidade do país onde se establecen, mellora a identificación de oportunidades e as capacidades de negociación. Son fundamentais para desenvolver unha acción exterior de calidade.

O multilateralismo é hoxe un vector esencial das relacións internacionais e tanto no marco da proxección internacional das políticas sectoriais como na propia acción exterior global Galicia debe tomar en consideración o auxe deste novo enfoque no que tanto podemos aportar como recibir. Nese sentido, é nula a referencia a relacións de Galicia con organizacións internacionais (CPLP, poñamos por caso) ou redes de colaboración internacional. Galicia debe sumarse ás demandas de recoñecemento global do papel das Rexións con Poder Lexislativo, salientando as nosas capacidades en materias onde gozamos de competencia exclusiva e que dispoñen hoxe de proxección internacional. Galicia ten que darse a coñecer no mundo e articular unha rede de contactos e relacións a moi diferentes niveis. Só así poderá ser mellor coñecida a nosa realidade e gañar *expertise* nos temas que son da nosa competencia. A transversabilidade da acción exterior ten no multilateralismo unha expresión global que hoxe é un complemento indispensable para gañar eficiencia no noso desenvolvemento.

Non hai referencias ás políticas de colaboración que Galicia pode manter con determinados países especialmente próximos en razón de determinadas circunstancias (a diáspora, por exemplo) e onde os nosos representantes son recibidos habitualmente coa máxima dignidade (Cuba, Arxentina, Uruguai, etc.), unhas relacións que debemos aproveitar máis e mellor en vez de ignoralas ou pasar sobre elas con pes de lá.

Sorprende a ausencia de referencias ao corpo consular en Galicia que son actores importantes para promover as relacións bilaterais e que, sendo conscientes da súa heteroxeneidade, debemos coidar e avanzar na súa representación e na súa condición de pontes para o fomento dos contactos e a plasmación de axendas de interese común.

Debemos reforzar a presenza de galegos nos organismos europeos e internacionais e contar con medios que nos permitan unha optimización do capital relacional existente a día de hoxe.

Non hai mención á importancia de fomentar unha sociedade civil comprometida co actuar internacional, mais alá da alusión ao fomento dos debates europeos. A sociedade civil debe participar no deseño, na implementación e na avaliación da acción exterior de Galicia. Procede neste aspecto ir mais aló do goberno, contar cos actores sociais e económicos para proxectar a Galicia no exterior. É a súa participación a que dá sentido a unha diplomacia pública que complementa os canais tradicionais, xerando complicidades, consensuando a imaxe que queremos promover no mundo e implicando nela aos estranxeiros relevantes que residen no país, especialmente aqueles que gozan dunha maior significación global. Nese sentido, cómpre explicitar un compromiso maior coas entidades de relacións internacionais presentes en Galicia e apoiar a participación internacional das entidades cívicas galegas como parte dun esforzo por lograr unha sociedade máis consciente do mundo en que vive e no que se sinta partícipe e implicada.

É un acerto incorporar a reflexión a propósito da demografía que podería complementarse con algunha alusión relativa ao perfil inmigratorio. Igualmente, á internacionalización da rede

universitaria e da investigación que debería completarse co apoio ás universidades para alentar formación especializada no ámbito da diplomacia e as relacións internacionais a fin de dotarnos de expertos así como o empuxe da formación multilingüe. Sería igualmente desexable aludir ás políticas ambientais e ao compromiso na loita contra o cambio climático. O ambiente de Galicia, aínda que con algunhas sombras, representa un patrimonio que tamén debemos saber reivindicar globalmente como parte dun compromiso sostible coa humanidade.

Deberamos facer algunha mención ao deporte e á visibilidade internacional dos nosos atletas e deportistas, hoxe un fenómeno asociado e de gran impacto mediático. O noso potencial a este nivel debe ser ponderado fomentando en paralelo a excelencia de deportistas e instalacións.

A xestión da información sobre acción exterior é importante para coñecer, compartir e proxectar. Cómpre dotarse dun sistema interno que o facilite. Igualmente, de modo especial nos medios públicos, cómpre prestar unha maior atención ao que acontece no exterior a fin de capitalizar a nosa como unha sociedade aberta, informada e consciente das oportunidades que representa o exterior.

Falta unha alusión á importancia de sumar esforzos coa acción exterior dos gobernos locais,

expresada en aspectos como a cooperación ou tamén en irmandamentos e outras actividades cada vez mais salientables e de proxección global (o eco do “modelo Pontevedra” ou a proxección de Santiago son unha evidencia). Os gobernos locais son actores imprescindibles na orde exterior e comprexar sinerxías así como economías de escala.

No eido da avaliación, sería conveniente garantir cando menos a elaboración de memorias anuais que ilustren e transparenten a acción desenvolvida a este nivel. Igualmente, o compromiso de apoio aos congresos de estudos internacionais e iniciativas de estudo onde se pode analizar da man de expertos e xestores tanto a actualidade global como a nosa acción exterior.

En suma, desenvolver unha acción exterior hoxe é unha obriga e unha responsabilidade e desde Galicia debemos facelo coa visión dunha autonomía que actúa no mundo, é dicir, consciente do marco e das posibilidades que nos ofrece o Estatuto (que urxe unha reforma para incorporar esta política pública e mellorar o seu reflexo normativo) e sobre a base da nosa achega universal como actor global. Na colaboración e complementariedade coa acción exterior do Estado e na asunción sen complexos do que somos e podemos ser radica a clave do noso progreso neste eido.

David Reinero

A Estratexia Galega de Acción Exterior (Egaex), a debate con PP, En Marea, PSdG-PSOE e BNG

Logo da nova lexislación imposta en 2014 polo Goberno central á acción exterior do resto de administracións, a Xunta aprobou a finais de 2015 un decreto co que regulou esa área competencial e determinou a elaboración da primeira Estratexia Galega de Acción Exterior (Egaex), documento que pretende superar anteriores reflexións globais ou estratexias parciais. O Goberno galego someteu a finais de 2016 a exposición pública o borrador desa estratexia, de 180 páxinas, que espera aprobar ao longo de 2017. Praza Pública (Praza.gal) e o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (Igadi) preguntan sobre a proxección internacional que queren para Galicia ao director xeral de Relacións Exteriores da Xunta e a responsables na materia dos grupos da oposición.

Jesús Gamallo, director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

“É un erro facer acción exterior por conta propia sen coordinarse co Estado porque non se conseguen os obxectivos”

Cales son as principais novidades da Egaex a respecto de anteriores reflexións globais ou estratexias parciais?

Moitas, tanto no contexto xurídico como no político internacional. No xurídico, en 2014 aprobáronse as leis estatais de servizo exterior do Estado e de tratados internacionais. Xunto a isto, o Goberno presentou por primeira vez na historia unha estratexia española de relacións exterior-

res. En Galicia fixemos o Plano de Investimentos Conxuntos da Eurorrexión; a Estratexia de Especialización Intelixente para a Innovación, a chamada RIS3, e a primeira transfronteiriza, a RIS3T; está o Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020. Canto ao contexto político, estamos a traballar xa na política de cohesión europea post-2020, para que teña en conta o factor demográfico. Están os efectos do Brexit. As presións migratorias, tanto o que ten que ver cos refuxiados como cos migrantes económicos. En Portugal, a crise e a postcrise. Mudou moito o contexto. Xulgo que é importante avanzar máis en detalle do que se tiña feito ata o de agora.

E do que se tiña feito ata o de agora, avalíouse o cumprimento desas estratexias ou reflexións anteriores?

Avalíase precisamente ao facer esta estratexia, cunha análise DAFO [debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades]. Hai que ter en conta que esta Egaex fixémosla nós, non a externalizamos, como documentos anteriores de 2004 ou 2007, así que avaliamos o feito ata agora.

A Xunta impúxose a si mesma elaborar a Egaex hai máis dun ano, pero aínda se está a debater o borrador, un texto que fala dun “horizonte post-2020”. Está a ser lenta a elaboración? Cal é o seu horizonte de aplicación?

A Egaex redactouse nun tempo relativamente breve polos nosos servizos. É verdade que as achegas das diferentes consellerías dilataron un pouco o proceso. Non todo o mundo responde inmediatamente. Logo, eu quería que fose par-

ticipativa, así que a expuxemos ao público o dobre do tempo, e fixemos dobre rolda cos grupos políticos. E apareceu o Brexit e tivemos que telo en conta. Todo iso obrigounos revisar cada certo tempo o texto. Tamén se adelantaron as eleccións autonómicas, e iso condicionou. Poderíamos ter a estratexia aprobada na anterior lexislatura, pero a nosa disposición a que participase máis xente e acadar un consenso fíxonos esperar.

Por que a Xunta optou por redactar un borrador da Estratexia de Acción Exterior e sometelo logo a consultas e non por recoller previamente propostas antes de elaborar o texto? Que papel xogará nesas consultas o Consello de Acción Exterior [CAEX, órgano consultivo da Xunta no que participan institucións públicas, privadas e civís]?

O CAEX vai opinar, como é lóxico. Pero o goberno ten a competencia e a iniciativa. Sempre é máis difícil dicir “este texto é a miña proposta” que pedir á xente que mande propostas e eu corto e pego. Fixémolo por un exercicio de responsabilidade. Trabállase mellor cun texto sobre a mesa que cun folio en branco. Poñéndonos no caso de que todo o mundo fixera o seu traballo e enviase a súa propia estratexia, obrigaríanos a pór a nosa enriba da mesa e casar todas para facer a Egaex. Sería un caos. Co noso borrador, o traballo é máis rápido.

Falaba antes, como novidade na realidade política internacional, do problema dos refuxiados, pero a Egaex só fai unha referencia vaga a ese asunto.

Porque tanto a regulación europea como as capacidades dos estados membros están aínda moi verdes. Isto non quere dicir que non se poida ampliar. Cando fixemos a redacción [do borrador], a axenda europea das migracións estaba empezando. Agora podemos incorporar máis cousas. Nós queremos que se cumpra a posición

inicial da UE, que se establezan cupos obrigatorios e permanentes para que non haxa picos de crise e que haxa unha lista de países seguros para diferenciar a migración de carácter económico. O tema dos refuxiados probablemente terá un tratamento máis amplo [na Egaex]. O texto vai mudando. Fíxose en maio e o Brexit metémolo ao final.

A Egaex tampouco nada di da participación política da diáspora.

Imos recollelo máis adiante. Na estratexia xa recollemos como un dos obxectivos fundamentais o tratamento dos galegos que viven fóra, aproveitar as capacidades que temos de empresarios galegos en diferentes países para o incremento das exportacións ou do investimento directo en Galicia. A diáspora vai ter un tratamento axeitado.

A Egaex aposta por mellorar a relación con diversos países lusófonos, pero o borrador non fai referencia, máis que nun anexo, á Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (CPLP) como tal, malia que o propio presidente Feijóo prometeu que traballaría para a incorporación de Galicia á organización. Por outra banda, a CPLP agrupa estados soberanos e as súas áreas de actuación van máis alá da lingüística. Como explica esta situación? A que aspira Galicia nese ámbito?

As cousas mudaron tamén neste caso desde o primeiro borrador da Egaex. O Consello da Cultura Galega (CCG) é xa membro observador da CPLP. Díxonos que ía enviarnos un documento para analizar e incluír na Egaex. É evidente que Galicia non pode ser membro de pleno dereito porque non é un estado soberano, pero o CCG si se conseguiu que fose observador e nós seguiremos todo isto no marco amplo da Lei Paz Andrade de 2014 [de aproveitamento dos vínculos de Galicia coa lusofonía].

As leis estatais de acción exterior e de tratados internacionais suporán un freo ás aspiracións de Galicia nese ou noutros ámbitos?

Non. No que ten que ver coa lei de acción institucional do Estado, as cousas mudan pouco. O obxectivo fundamental é favorecer a coordinación da acción das comunidades autónomas coa política exterior do Estado, que segundo a Constitución é competencia exclusiva do Estado. Que o Goberno saiba quen vai a que sitio e que os servizos diplomáticos españois poidan prestar asistencia. Pero a nós non nos muda a situación porque xa o viñamos facendo. Creo firmemente que facer pola conta propia a acción exterior é un erro porque non se conseguen os obxectivos que se desexan. Nós agora temos máis capacidade de actuación que Cataluña, temos máis instrumentos, porque os cataláns están impugnados. A acción exterior, como toda acción pública, ten que ser útil. A coordinación co Estado é fundamental. O que facemos primeiro co decreto [galego de acción exterior] e agora coa Egaex é sacarlle ás máximas posibilidades ao marco xurídico español que temos. Non limita en absoluto. Canto á lei de tratados internacionais, aí si que hai novidades importantes. Antes [unha comunidade] só podía instar a sinatura dun acordo por parte do Estado cando se trataba dunha cuestión lingüística ou cultural. Agora, calquera competencia ou interese dunha comunidade autónoma pode instar ao Estado a iniciar o proceso de celebración dun tratado internacional e incorporarse á negociación. E o Goberno debe informar ás comunidades afectadas. Isto desenvólvese na Egaex. E logo regula os acordos de tipo non normativo, unha capacidade que nos recoñece a lei e que antes andaban no mundo das políticas de feitos.

O seu departamento, logo de ser Secretaría Xeral, foi rebaixado a Dirección Xeral e depende

da Vicepresidencia, non da Presidencia da Xunta. Ten suficiente peso político para liderar esta estratexia transversal a toda a Xunta?

Lidéraa a Vicepresidencia. O Goberno de Feijóo en 2009 entendeu que había que racionalizar administrativamente a Xunta e considerou oportuno unir os departamentos de cooperación e acción exterior. E o vicepresidente ten unhas capacidades de coordinación transversal, preside a comisión de secretarios xerais que prepara os Consellos da Xunta. Canto aos recursos, sempre son insuficientes.

Luca Chao, portavoz en materia exterior do grupo parlamentario de En Marea

“A nosa prioridade é unha política exterior que faga da cooperación ao desenvolvemento o pilar fundamental”

Que aspectos positivos e cales negativos atopa no borrador da Egaex?

O máis negativo é que máis que un plan de acción exterior habería que falar dun plan de internacionalización da economía. A economía aparece ducias de veces, en cambio cuestións básicas como os dereitos e os compromisos coa cooperación ao desenvolvemento ou os refuxiados teñen un espazo claramente menor. En todo o documento, en máis de 180 páxinas, só se fai unha mención aos refuxiados.

E aspectos positivos?

Que por primeira vez a Xunta decida facer unha estratexia para guiar a acción exterior páreceme que non pode criticarse. Igual por unha vez deciden asumir certo perfil propio de cara a que papel debe ocupar Galicia no exterior.

As migracións é o seu ámbito de especialización académica. Que lle parece o papel reservado á diáspora na Egaex?

Está claramente ancorado no pasado. Segue falando da diáspora e facendo referencia á

enorme perda poboacional que tivo Galicia na primeira metade do século XX, e está ben, pero creo que non se corresponde coa realidade que temos hoxe. Dedícase constantemente a atender a unhas comunidades cunha relación con Galicia francamente escasa e esquece que a realidade migratoria que temos hoxe é radicalmente distinta. A urxencia maior que temos hoxe no ámbito das migracións é atender a eses miles de mozas e mozos que tiveron que marchar a buscar traballo. En cambio, na Egaex non hai ningunha mención a este colectivo. Fala das casas rexionais. Non sei se acaso os señores do goberno non saben que ás casas rexionais xa non vai ninguén máis que uns poucos xubilados que quedan en Bos Aires. Fora de Bos Aires creo que en ningunha parte. Cando profesionalmente me dediquei ao tema das migracións tiven ocasión de visitar estes centros galegos, que formaban parte da miña investigación, e son clubs sociais aos que podes ir a botar a partida pero que teñen cada vez menos socios e son incapaces de atraer a xente moza, co cal é imposible manter ningún vínculo cos fillos e netos da emigración, que son os que hoxe temos na emigración.

A Egaex nada di sobre a participación política da diáspora. Como o valora?

É totalmente inexistente. Cando enfocamos a política exterior hai dúas vías: unha é falar de economía e outra de dereitos. O Goberno da Xunta decidiu falar de economía e non falar de dereitos. Tanto insistiu o Goberno en que non puideran votar os mortos que a realidade é que non poden nin votar os vivos. Pero eles tranquilos, porque só hai que desagregar os datos de participación política no exterior e ver como nos países aos que recentemente emigrou a mocidade galega as preferencias políticas son claramente contrarias ao PP. Algo debe ter que ver con isto.

Cales deberían ser para En Marea as prioridades xeográficas e sectoriais?

Canto ás xeográficas, e iso habería que recoñecer que a Egaex acerta, parece que volve a mirada cara o mundo da lusofonía. E niso concordamos. Hai que centrarse neses países alén de reforzar as relacións que temos con América Latina, que teñen que ser os nosos socios naturais por todo o que compartimos precisamente grazas aos vínculos migratorios que se estableceron. Sectorialmente, a nosa prioridade sería unha política exterior que faga da cooperación ao desenvolvemento o pilar fundamental. Así como o compromiso cos dereitos humanos alén das fronteiras.

A Egaex aposta por mellorar a relación con diversos países de lingua portuguesa, pero o borrador non fai referencia, máis que nun anexo, á Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (CPLP) como tal, malia que o propio presidente Feijóo prometeu que traballaría para a incorporación de Galicia á organización. Por outra banda, a CPLP agrupa estados soberanos e as súas áreas de actuación van máis alá da lingüística. A que debería aspirar Galicia nese ámbito?

Tómome esas declaracións [de Feijóo] como un exabrupto que se lle ocorreu nese momento sen medir as consecuencias das súas palabras. Logo alguén o asesoraría e lle diría que non coa excusa habitual de que as cuestións da política exterior son competencia do Estado. Se de verdade a Xunta quere comprometerse coa comunidade lusófona, dunha banda debería reforzar as súas relacións culturais, económicas, máis alá do Consello da Cultura Galega, e por outra banda instar ao Goberno do Estado para que facilite eses trámites e que Galicia ocupe ese papel.

A lei estatal de acción exterior suporá un freo ás aspiracións de Galicia nese ou noutros ámbitos?

Choca que xusto a Xunta saque agora esta Egaex cando o marco legislativo estatal vai na liña contraria, de ir reducindo a marxe de actuación que tiñamos as comunidades autónomas no exterior. Nalgún momento deberán explicarnos cara onde queren ir.

Persoas e políticas aínda se están a asentarse na súa formación. Pode iso limitar o papel de En Marea como interlocutor na elaboración da Egaex?

En ningún caso. Non podemos negar que En Marea está nun momento de constitución orgánica, pero iso é unha banda do ente En Marea. O grupo parlamentario está plenamente constituído e traballando desde o minuto un como un único axente. As prioridades políticas de En Marea están claras e teremos unha voz contundente neste debate se a Xunta ten a ben incorporarnos a el.

Juan Manuel Díaz Villoslada, portavoz en materia exterior do grupo parlamentario do PSdeG

“A acción exterior de Galicia merece unha lei, non pode quedar no ámbito dun decreto”

Que aspectos positivos e cales negativos atopa no borrador da Egaex?

Positivo, a propia existencia da Egaex. Pero chama a atención o volume do documento, unha sucesión ás veces interminable de parágrafos cunha visión administrativista, sen que se reflecta unha estratexia en si mesma. É excesivamente extenso para ser un documento estratéxico e executivo. Positiva é a importancia da coordinación cos mecanismos de acción exterior do Estado, que o Estado sexa consciente dos problemas que ten Galicia para trasladalos ao exterior. Tamén é moi importante o que supoñen os camiños de Santiago como unha marca, o recoñecemento da lingua, a internacionaliza-

ción económica ou que se fale profundamente da problemática demográfica. Entre os puntos febles ou negativos, afonda pouco na problemática actual sobre que modelo de Europa queremos. A relación con Portugal focalízase nos temas transfronteirizos e da eurorrexión, que é lóxico, pero iso ten pasado a ser un ámbito case interno. Hai que analizar os impactos do Brexit. Un tema que persoalmente me parece fundamental é que a Egaex debe ter unha axenda específica en materia de investigación e transferencia. O financiamento da investigación xestiónase en termos globais e europeos. O papel da Fundación Galicia-Europa apoiando aos nosos investigadores debería ser máis activo. E fálase da cooperación ao desenvolvemento, pero hai que ir a máis no compromiso humanitario. Non podemos admitir a situación actual en materia de refuxiados. Esperamos que a Egaex se mellore nunha futura rolda de consultas cos sectores e os grupos políticos. Pero nós consideramos que a acción exterior de Galicia merece unha lei, non pode quedar no ámbito dun decreto porque se queremos consensuar unha estratexia de todos precisamos un instrumento que sexa unha lei do Parlamento.

Fala da coordinación coa diplomacia estatal como algo positivo. A lei estatal de acción exterior non supón un freo ás aspiracións de Galicia nese ou noutros ámbitos?

É certo que a lei estatal igual non da suficiente saída ás necesidades de acción exterior das comunidades autónomas, e nese sentido lembro que nós no programa electoral levábase a necesidade de instar ao Goberno a unha mellora da lexislación estatal nesa materia, que faga que esa acción exterior sexa máis compartida. En determinados ámbitos xeográficos nós temos máis presenza, sexa por razóns económicas ou por ser países de acollida da nosa emigración.

A Egaex aposta por mellorar a relación con diversos países de lingua portuguesa, pero o borrador non fai referencia, máis que nun anexo, á Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (CPLP) como tal, malia que o propio presidente Feijóo prometeu que traballaría para a incorporación de Galicia á organización. Por outra banda, a CPLP agrupa estados soberanos e as súas áreas de actuación van máis alá da lingüística.

A que debería aspirar Galicia nese ámbito?

Nós aí tamén pedimos unha maior integración nesta comunidade. O documento, aparte de Portugal, fai algunha referencia ás novas relacións con Angola, Cabo Verde ou Mozambique. É dos temas nos que eu creo que haberá que afondar nesta mellora do documento. Un tema que tampouco trata moito a Egaex é o dos países nos que hai centros da emigración. Hai un patrimonio importante no que habería que traballar con decisión e planificación. E logo a estratexia precisa memoria económica e cronograma. Suportamos que está en fase de elaboración.

A súa especialización profesional foi en parte a xestión de recursos humanos. Como valora a dotación de persoal e o rango administrativo actual da Dirección Xeral de Relacións Exteriores?

Os recursos sempre son escasos. Se se puidera mellorar a posición orgánica e as capacidades de recursos humanos en termos sobre todo de internacionalización tanto da Dirección Xeral como da Fundación Galicia-Europa, sería moito máis salientable. Hai que ser capaces de ter tanto en Galicia como en Europa un organigrama máis estruturado e potente. Os profesionais que están fan o mellor traballo que poden, pero é un ámbito no que temos que tratar de mellorar a posición en termos de estrutura e curricular do persoal. E hai que empezar a posicionarse para os fondos europeos para despois de 2020. Galicia non está a xestionar todo o ben que o tiña

que facer os fondos europeos en taxas de reembolso se comparamos con outras comunidades autónomas. A situación se pode complicar moito.

A inestabilidade interna na súa formación pode limitar o papel do PSdeG como interlocutor na elaboración da Egaex?

En termos parlamentarios non. Na primeira comparecencia no Parlamento do director xeral presentámoslle as nosas liñas básicas. Participaremos na Egaex cando a estratexia estea documentada e contrastada co mundo académico, cos sectores e expertos. O que si insistimos é en que debemos ir a un proxecto ou proposición de lei que eleve o rango da acción exterior. Esa inestabilidade do PSOE, á hora de traballar na Egaex dentro do Parlamento non vai haber ningún tipo de atranco. O grupo está traballando de forma compactada.

Ana Miranda, portavoz do BNG en Bruxelas

“Debemos ambicionar unha diplomacia galega como a Diplocat”

Que aspectos positivos e cales negativos atopa no borrador da Egaex?

Positivo pode ser a valoración dos temas relacionados co comercio exterior ou a promoción dos investimentos. Aínda que son un pouco reiterativos porque xa se fixo entre 2005 e 2009, cando se avanzou bastante. Vexo moitas carencias. O feito de que se regule por decreto e non por lei, polo que suporía canto a cumprimento. Minimiza as relacións internacionais propias de Galicia como tal. Supedita todo ao contexto español e nin menciona a palabra paradiplomacia. Houbo un momento en que houbo certa intención de ter unha política exterior propia, e agora corresponde máis que nunca. O borrador está carente de consenso e debate previo. Pode que o haxa despois, pero polo momento non houbo.

Por outra banda, o Consello de Acción Exterior xa vemos como funciona, nós non estamos nin convidados, non hai unha representatividade, tampouco da sociedade civil. O documento non se propón a ambición de ter un xefe da diplomacia galega, un Diplogal como o Diplocat en Cataluña, que está funcionando como un think tank importantísimo.

A lei estatal de acción exterior suporá un freo ás aspiracións de Galicia?

Totalmente. Esa lei foi feita para cernar as competencias en materia exterior das comunidades autónomas, en especial das que xa tiñan algunha actividade a maiores como Euskadi e Cataluña. Nós non tiñamos moita na práctica, aínda que pareza. O que se fai é participar nos consellos [europeos] e nas reunións previas da Comisión, ata o de agora sen ningún éxito, como se viu en cuestións como as redes europeas de transporte. Por moito triunfalismo que se estea expresando no Comité das Rexións, que é consultivo, mentres que o Parlamento Europeo é lexislativo.

Vostede fai moito fincapé nas cuestións da Unión Europea, que é o seu ámbito de especialización. Pero esas actuacións non deberían ser consideradas xa política interior e non acción exterior?

É política interior, está claro que son relacións xa internas, forma parte do noso acervo. Pero a Egaex inclúea como parte da acción exterior. E a Xunta non está a participar nas consultas previas, así non pode influír nas decisións posteriores da Comisión. Tamén fala de coordinación por parte da Xunta dos eurodeputados galegos, e eu cando o fun só tiven un encontro nun ano e medio. É algo que si existe en Escocia, Cataluña, Gales... e son reunións periódicas.

Cales deberían ser para o seu partido as prioridades xeográficas e sectoriais?

O eido de Portugal e lusófono e o das nacións celtas, polo potencial que temos por cuestións culturais, de tráfico marítimo, de exportacións. América Latina e Asia son importantes polas exportacións pero tamén no eido da cultura. Pero a Egaex circunscribe a relación con América á emigración ou a cooperación. As empresas e axentes galegos están indo por diante. E céntrase na macrorrexión con Castela e León, que é un grande erro, en vez de cara o atlántico e a estratexia marítima. En ningún momento o documento fala das persoas refuxiadas, nin de pobos cos que hai moitas redes de solidariedade en Galicia como o Sáhara ou os Kurdos.

A Egaex aposta por mellorar a relación con diversos países de lingua portuguesa, pero o borrador non fai referencia, máis que nun anexo, á Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (CPLP) como tal, malia que o propio presidente Feijóo prometeu que traballaría para a incorporación de Galicia á organización. Por outra banda, a CPLP agrupa estados soberanos e as súas áreas de actuación van máis alá da lingüística. A que debería aspirar Galicia nese ámbito?

Non se implementou aínda a Lei Paz Andrade [para o aproveitamento do vínculo coa lusofonía] nin hai recursos. E cada vez que hai unha intervención na CPLP por parte da sociedade civil, aínda que a Xunta non participa, hai unha chamada por parte do ministro para frear determinadas cousas. Cónstame. Por parte da CPLP non habería problema a que Galicia participara se non houberse sempre un impedimento pola vía diplomática. Se se flexibilizara ese impedimento, teríamos un bo lugar de traballo para establecer unha serie de vínculos con determinados países en políticas públicas, non só na lingua.

O proceso de renovación interna da súa formación pode limitar o papel do BNG como interlocutor na elaboración da Egaex?

Temos unha política internacional ben definida nos sucesivos programas electorais, cunha actuación clara tanto no Parlamento Europeo como nas relacións con outros pobos. Unha política de respecto á soberanía interna de cada Estado pero tamén de multilateralidade e política de paz. Non

é un tema de debate que poida confrontar. Estamos maioritariamente de acordo. A entrada na Eurocámara en 1999 supuxo unha inflexión para considerar [a acción exterior como] un sector estratéxico. E seguimos ampliando relacións.

Constantino Cordal Rodríguez
e Mónica López Viso

Os concellos galegos na xestión dos Fondos Estruturais europeos

A Unión Europea caracterízase pola súa diversidade económica e social. Os datos relativos aos PIB *per cápita*, ao desemprego e aos niveis formativos e educativos da cidadanía dos Estados membros así o demostran. A existencia destas notables disparidades socioeconómicas xustifica por si soa a necesidade dunha política rexional europea comprometida coa cohesión, cuxo obxectivo debe ser reducir tales diverxencias para acadar un desenvolvemento económico, social e territorial equilibrado.

Os Fondos Estruturais (en diante, FE), actualmente denominados Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (Fondos EIE), foron e seguen sendo os principais instrumentos da política de cohesión, que representa actualmente case un terzo do orzamento da Unión Europea (UE). No período 2014-2020 son cinco os fondos principais que traballan conxuntamente en liña cos obxectivos da Estratexia Europa 2020: o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), o Fondo Social Europeo (FSE), o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e o Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). Cada un destes fondos dá prioridade aos temas contemplados nas recomendacións específicas do Consello da UE.

Os FE téñense articulado ao longo dos últimos anos baixo o principio de cohesión económica e social, que implicou, por unha banda, a asignación dunha serie de obxectivos que debían ser acadados colectivamente e, por outra,

un reparto territorial dos recursos que daba prioridade ás rexións comunitarias menos desenvolvidas. De acordo con este procedemento, as accións das axudas estruturais deséñanse a escala europea pero a súa execución sobre o terreo é responsabilidade das autoridades nacionais, rexionais ou locais relevantes de cada un dos Estados membros.

No Estado español, a descentralización política e administrativa existente parece facilitar a presenza de partenariados entre os diferentes niveis da administración para a xestión dos FE, polo menos conceptualmente, aínda que, na práctica, se cuestiona esta participación na gobernanza multinivel dos entes locais. Así, o incremento da participación das administracións autonómicas na xestión de recursos non é equiparable ao das corporacións locais. A participación destas últimas nos plans de desenvolvemento rexional redúcese á posibilidade de acceder a algunha das accións do *Regional Operational Programme*, polo que en realidade as accións locais convértese en proxectos illados de concellos sensibles ás demandas cidadás, pero onde o resto de accións, encadradas ou non nun programa operativo, non se articulan en pos dun obxectivo común.

A aplicación das políticas comunitarias, en maior ou menor medida, favoreceu unha europeización dos procedementos nas administracións subestatais. Aínda que, paralelamente, a xestión dos programas operativos, seguindo as directrices europeas, implicou un incremen-

to da carga de traballo motivada polas maiores esixencias a satisfacer. A programación esixe unha cada vez maior coordinación entre todos os responsables da xestión, en aras de garantir a complementariedade das actuacións e asegurar a máxima eficacia na aplicación. As dificultades da necesaria coordinación sinaladas en distintos informes pasan polo aumento da dotación e da capacitación dos recursos humanos e a maior simplificación dos procedementos.

Tanto nas propostas normativas europeas, nas que se sinala a necesaria participación do nivel local na promoción da boa gobernanza dos FE, como en diversos informes institucionais se recoñece o papel crucial que representan os axentes locais, así como as organizacións da sociedade civil. Con todo, as administracións locais, sobre todo os concellos de menos de 50 mil habitantes, estiveron, ata hai apenas uns anos, practicamente esquecidas na xestión dos fondos europeos e, desde logo, na repartición dos mesmos.

Na programación dos FE para o período 2014-2020 resérvase un mínimo dun 5% do total do FEDER para o Desenvolvemento Urbano Integrado. As Accións Urbanas Innovadoras (AUI) son as destinatarias preferentes deses FE (371 millóns de euros para os sete anos). O seu obxectivo fundamental é identificar e probar novas solucións ante os desafíos urbanos das cidades (laboratorios urbanos). Cada proxecto pode contar cun financiamento de 5 millóns, cunha taxa de co-financiamento do 80% e unha duración máxima de tres anos. O problema cos fondos das AUI para os concellos galegos reside en que só as sete grandes cidades galegas terán acceso directo aos mesmos, pois as entidades elixibles das AUI son as cidades e os grupos de cidades de máis de 50 mil habitantes.

Por outra banda, existe unha Estratexia Urbana Integrada da Comisión Europea deseñada

para Áreas Urbanas Funcionais (AUF) de máis de 20 mil habitantes (municipios individuais, agrupacións de municipios de diferente tamaño ou zonas comúns a dous ou máis municipios). O organismo municipal ou supramunicipal que xestione a estratexia urbana integrada será nomeado Organismo Intermedio a efectos da selección das operacións, tendo que demostrar capacidade administrativa para realizar estas funcións (equipo técnico coñecedor da normativa FEDER e do desenvolvemento urbano integrado).

Sen dúbida, isto último pode ser un problema para os potenciais candidatos a constituír unha AUF, pois a maioría dos municipios de menos de vinte mil habitantes non dispoñen dos recursos humanos e técnicos necesarios para exercer eses labores. Por iso, a Xunta, as Deputacións Provinciais e a FEGAMP deberían traballar conxuntamente para axudar a todos os concellos que queiran conformar unha AUF, dotándoos do apoio necesario para a elaboración de proxectos e a selección de operacións.

Xa existe un Protocolo de Colaboración asinado pola Xunta e a FEGAMP o 16 de abril de 2013 co obxectivo de impulsar a participación das entidades locais galegas na captación de fondos europeos. Con todo, despois de case catro anos da sinatura dese Protocolo de Colaboración, podemos dicir que o impacto do mesmo nos concellos de menos de vinte mil habitantes ten sido escaso. Dito Protocolo serviu para organizar algún encontro ou seminario sobre fondos europeos, pero non resultou eficaz á hora de resolver as carencias humanas e técnicas das administracións locais dos nosos pobos e vilas que limitan a súa capacidade para elaborar proxectos que poidan ser co-financiados con FE.

A sinatura dun convenio marco neste ano 2017 entre a Xunta, as Deputacións Provinciais e a FEGAMP para apoiar a constitución de AUF,

ao cal se adhiran concellos de menos de vinte mil habitantes, que habilite unha oficina de atención a estas entidades locais, podería ser un paso axeitado para posibilitar unha maior participación destes municipios en proxectos europeos e, consecuentemente, na captación de FE.

Reflexións finais

Durante os últimos anos de funcionamento da política de cohesión europea fomentouse unha progresiva descentralización da toma de decisións no sistema de programación plurianual. Esta descentralización representa un factor esencial da eficiencia dos principios e das prácticas administrativas, e foi percibida como unha europeización dos procedementos nas administracións subestatais.

Agora ben, a gobernanza multinivel aplicada nos FE preséntase como unha europeización formal e aspiracional, postulada dende as institucións europeas e avalada pola literatura académica, pero no proceso de construción institucional entre actores territoriais descansa nunha implementación das axudas dos FE baseada no dominio dos Estados e, nalgúns casos, das institucións autonómicas.

Froito desta deficiente participación dos actores locais, baixo o procedemento de xestión compartida a través do cal se instrumentan os FE, a Administración central ten cedido ao longo destes anos unha parte importante da xestión ás rexións (comunidades autónomas no caso español), pero nin unha nin outras parecen estar moi dispostas a abdicar das súas pretensións de canalización dos fondos europeos en favor dos entes locais.

As administracións locais xogan un rol esencial no ámbito dos FE para mobilizar aos actores do territorio e, en tanto que institucións de proximidade, poden tamén promover o debate

sobre as grandes cuestións políticas e favorecer o emerxer dunha identidade e dunha cidadanía europeas.

Así, a progresiva incorporación dos municipios á xestión dos FE non só pode dotar de máis eficacia á súa implementación senón tamén dunha maior lexitimidade democrática. Ademais, vén significar un achegamento necesario a unha cidadanía cada vez máis distante, e menos empática, co proceso de construción europea. Por suposto, se os entes locais queren asumir dito rol na xestión dos FE, proporcionando máis representatividade dos diversos axentes implicados, terán tamén que asumir unha maior responsabilidade no proceso de integración europea.

As ferramentas de participación local na xestión dos FE deseñadas nos últimos anos permitiron incrementar notablemente a presenza das cidades en proxectos co-financiados polas autoridades europeas. Con todo, os municipios de menos de 50 mil habitantes e, sobre todo, as vilas e pobos de menos de vinte mil seguen a ter moitas dificultades para a captación de FE. Algunhas das dificultades veñen dadas polas propias estratexias ideadas na Comisión Europea, deseñadas en boa medida para os grandes espazos urbanos (cidades) e metropolitanos. Outras son consecuencia das carencias humanas e técnicas da maioría dos nosos concellos.

Porén, esta escaseza de recursos municipais que limita as posibilidades das entidades locais galegas para participar en proxectos europeos e captar FE pode ser paliada cunha intervención decidida por parte da Xunta, das Deputacións Provinciais e da FEGAMP. Conxuntamente, neste 2017 e nos anos vindeiros, poden traballar para evitar que Bruxelas siga estando demasiado lonxe para a maioría dos concellos galegos, e tamén para os seus habitantes.

Celso Cancela Outeda

Panorama das accións Jean Monnet e as universidades galegas no período 1989-2016

1. Presentación da Acción Jean Monnet

Nas seguintes liñas situaremos a Acción *Jean Monnet* nas coordenadas históricas e político-administrativas que axuden a contextualizala no escenario universitario europeo. Desde o seu lanzamento oficial no outono de 1989, baixo os auspicios da Comisión Europea, a Acción *Jean Monnet* tivo como meta declarada estimular a excelencia do ensino, a investigación e a reflexión no ámbito dos estudos sobre a integración europea en centros de ensino superior e universidades europeas. O contexto no que viu a luz está marcado polo liderado de Jacques Delors á fronte da presidencia da Comisión Europea e o decidido impulso político proporcionado á implementación do mercado único previsto na Acta Única Europea (1986) e os cambios políticos acaecidos en Europa do Leste a finais da década do oitenta.

A Acción *Jean Monnet* coincide cunha aceleración da velocidade e intensidade do proceso de integración, o que causou un notable aumento da problemática (política, económica, comercial, etc.) a abordar. De maneira sinxela, pode dicirse que os numerosos e novos problemas, esixían a “producción” de novas ideas e solucións e propostas alternativas, de achega de coñecemento académico. As primeiras convocatorias da Acción dirixíronse aos actores de Estados membros da Unión Europea. A partir de 1993, estendeuse a Polonia e Hungría, en 1997 á República Checa e en 2001 os estados destinatarios foron todos os estados candidatos á adhesión e do resto do

mundo. Como primeira consecuencia, é necesario anotar que a implementación da Acción *Jean Monnet* propiciou o contacto directo coas institucións de ensino superior e institutos de investigación que, ata esa data, prestaran escasa ou limitada atención ao proceso de integración. Por outra banda, unha iniciativa concibida, de entrada, para as institucións universitarias dos Estados membros da Unión Europea, axiña desbordou este marco territorial para abrirse a entidades universitarias de terceiros estados.

O anterior, é coherente con que a Acción *Jean Monnet* buscábase promover a difusión entre a opinión pública dos estudos sobre a temática europea elaborados desde a óptica da Economía, Dereito, Historia e a Ciencia Política (ciencias sociais). A pretensión básica consistía en dar a coñecer que é, como actúa, como se desenvolve o proceso de integración, cales son os seus efectos, etc. Aspirábase a compasar os chamados estudos europeos co desenvolvemento alcanzado polo proceso de integración europea.

Así mesmo, perseguíase unha extensión da base académica para dotar de apoios intelectuais ao proceso de integración fronte aos obstáculos e resistencias formuladas desde as instancias estatais. A meta consistía en xerar coñecementos específicos para afrontar a realidade europea e enfrontar as necesidades derivadas da Unión Europea e ofrecer posibles solucións. Deste xeito, complementaríase o labor de institucións académicas estreitamente vinculadas coa integración

europaea tales como o Colexio de Europa, o Instituto Europeo de Florencia ou o Instituto Europeo de Administración Pública de Maastricht. Hoxe, afortunadamente a nómina de institutos ou centros universitarios relacionados cos estudos europeos (moitos deles centrados en temáticas específicas) é ampla, tanto na Unión Europea como no exterior dela; neste sentido, pode concluírse que se logrou o obxectivo, mellorando amplamente a situación inicial de finais da década do oitenta.

Así mesmo, a Acción *Jean Monnet* ambicionaba enriquecer os estudos sobre a integración europea ao incorporar a perspectiva comunitario-europea aos estudos (xurídicos, políticos, históricos, económicos) que, de costume, respondían a unha óptica principalmente nacional ou internacional.

Ata a súa conversión en Programa, as Accións *Jean Monnet* cofinanciadas pola Comisión Europea foron de catro tipos: Cátedras *Jean Monnet* e Cátedras *Jean Monnet* “ad personam”, cursos permanentes (consistían en cursos básicos de 60 horas de duración impartidos nunha universidade) e Módulos europeos (cursos breves cunha duración de 30 a 60 horas celebrados de forma ocasional nun foro universitario). Tamén se incluíron entre elas os *Polos europeos de excelencia Jean Monnet* (foron lanzados como proxecto piloto en 1998) que supuñan o recoñecemento da excelencia docente e investigadora desenvolvida nunha institución universitaria en temas relacionados coa integración europea; o *Polo* quería servir de estímulo para a agrupación dos recursos científicos e humanos vinculados coa investigación sobre a integración europea nunha ou varias institucións universitarias. Posteriormente, foron substituídos polos Centros de Excelencia, vixentes na actualidade.

Dado que estas accións pretendían fomentar o ensino da integración europea na contorna

universitaria europea, nun primeiro momento, os seus destinatarios foron exclusivamente os centros universitarios da Unión Europea. O seu obxectivo era ofrecer aos estudantes de calquera disciplina académica, a oportunidade de adquirir coñecementos básicos sobre o proceso de construción europea e a Unión Europea mediante unha oferta de estudos adecuada. Noutras palabras, aspiraba *popularizar* no medio universitario estes estudos.

Desde 1989, as accións *Jean Monnet* foron ampliando progresivamente o seu eido territorial ata convertérense, virtualmente, en mundiais a partires de 2001; nestes intres está presente nuns 78 estados. Con anterioridade, fora dando entrada na década dos noventa a estados do centro e o leste de Europa (Polonia, Hungría, República checa). Entre 1990 e 2016, aproximadamente, concedéronse 260 Centros de Excelencia (ou Polos), 1.127 Cátedras e 1.360 Módulos.

A Acción *Jean Monnet* tamén ten a súa historia administrativa. Desde a súa posta en marcha en 1989 ata 1999 estivo conducida por Jacqueline Lastenouse, estando desde a perspectiva organizativa encadrada na División de Información Universitaria e da Mocidade. A partir desta data, substituíuna Belén Bernardo de Quirós, como Xefa de Unidade Erasmus–*Jean Monnet*, baixo cuxa dirección se incrementou o número de cátedras así como a dotación orzamentaria. En 2001, a referida División de Información Universitaria e da Mocidade foi incluída na Dirección Xeral de Educación e Cultura.

Desde 2007, a Acción intégrase no Programa de Aprendizaxe Permanente (2007–2013), o cal lle permitiu adquirir maior fortaleza e estabilidade; converteuse nun programa do mesmo rango que Comenius, Erasmus e Leonardo da Vinci. A implementación do programa está a cargo da Axencia Executiva no ámbito Educativo, Audiovisual e

Cultural (EACEA) desde 2006. Hoxe, constitúe un factor que estimula os ensinos, as investigacións e a reflexión sobre a integración europea. Actualmente, inclúe Cátedras *Jean Monnet*, Centros de Excelencia, Módulos, actividades de información e investigación e apoio a asociacións de profesores e investigadores sobre integración europea.

A partir de 2014, o programa *Jean Monnet* (agora denominadas Accións *Jean Monnet*) -que cumpría 25 anos- está encadrado no Programa Erasmus+ 2014-2020(1) (programa único no eido da educación, formación, deporte e mocidade no que fusionaron sete antigos programas) que, pola súa banda, se orienta aos obxectivos da Estratexia Europa 2020 (entre os que se contan, por exemplo, o incremento do nivel de educación superior do 32% a 40% da poboación entre 30 e 34 anos, a redución do abandono escolar prematuro do 14% a menos do 10%, o reforzo da calidade da educación superior europea para lograr os obxectivos da E-2020 ou o incremento do atractivo da Unión Europea como lugar onde realizar estudos superiores). A xestión das accións *Jean Monnet* teñen carácter centralizado e continúan sendo responsabilidade da EACEA creada en 2006.

Por último, o haber da Acción/Programa *Jean Monnet* é, sen dúbida, positivo. Dunha parte, constitúe un excelente exemplo de cooperación interinstitucional e de aproveitamento de sinerxías. Por outra banda, permitiu tanto o intercambio de coñecementos no nivel académico como o diálogo intercultural o cal supuxo a ruptura de barreiras nacionais. En certo sentido, en dúas décadas, contribuíu a popularizar a integración europea no marco universitario e a visibilizar o labor da Unión Europea. Grazas ao seu estímulo,


(1) Reglamento (UE) Nº 1288/2013 del PE y del Consejo de 11 de diciembre de 2013 por el que se crea el programa «Erasmus+», de educación, formación, juventud y deporte de la Unión y por el que se derogan las Decisiones nº 1719/2006/CE, 1720/2006/CE y 1298/2008/CE

a introdución dos estudos europeos no curriculum universitario levouse a cabo dunha maneira relativamente rápida. Fomentou tamén a constitución de redes formais e informais de docentes e investigadores.

2. As universidades galegas e as accións *Jean Monnet*: unha visión panorámica

En primeiro lugar, indiquemos que a creación das tres universidades galegas mediante o “decreto de segregación” aprobado en xaneiro de 1990 é coetáneo co lanzamento da acción *Jean Monnet*. A pesares desta coincidencia temporal, as nosas universidades sumáronse con relativa prontitude ao programa *Jean Monnet*. A primeira acción (cátedra) foille concedida á UDC en 1995 no eido xurídico; en 1996, seguíronlle a USC e a UVigo que se estrearon neste programa grazas á obtención de cadanseu módulo. A partir dos seguintes gráficos, trataremos de ofrecer una visión panorámica da situación das universidades integrantes do Sistema Universitario Galego. O gráfico 1 presenta os datos agregados do total de accións *Jean Monnet* (debe considerarse que estas son outorgadas por períodos temporais que oscilaban entre os 5 e 3 anos de duración). No intre actual, atendendo a este criterio, a UVigo ocupa o primeiro posto, seguida da UDC e da USC.


Gráfico 1: Total de accións *Jean Monnet* no período 1989-2016



Fonte: EACEA/Comisión Europea Elaboración propia

O seguinte gráfico contempla as accións separadas por universidade e tipo de acción. Cómpre ter en conta que, en xeral, os requisitos e condicións son máis gravosos para un Centro de Excelencia que para unha cátedra ou módulo (os cursos permanentes desapareceron das convocatorias *Jean Monnet*).


Gráfico 2: Tipos de accións *Jean Monnet* período 1989-2016 e universidade



Fonte: EACEA/Comisión Europea Elaboración propia

No gráfico 3, pode observarse a porcentaxe de accións *Jean Monnet*. Con notable diferenza, a meirande parte das accións son módulos (64%), seguidas das cátedras (22%) e dos centros de excelencia. Os cursos permanentes son escasos dado que foron suprimidos do abano de accións *Jean Monnet*.


Gráfico 3: Porcentaxe de accións *Jean Monnet* 1989-2016



Fonte: EACEA/Comisión Europea Elaboración propia

No gráfico 4, diriximos a atención aos eidos temáticos. Destaca de xeito indiscutible o xurídico que concentra 26 accións dun total de 40; sitúanse en eidos específicos como Dereito internacional público, constitucional, penal, laboral, administrativo ou mercantil.... O seguinte eido é o político (federalismo, política social) e a continuación aparece o histórico-cultural. Por último, figura o eido económico, posición que resulta salientable dado o elevado número de potenciais aspirantes. Como pode observarse, só se superou de xeito parcial o encorsetamento académico exercido polas disciplinas que tradicionalmente cultivaron o terreo da integración europea.


Gráfico 4: Distribución de accións *Jean Monnet* por eidos temáticos




Fonte: EACEA/Comisión Europea Elaboración propia

Nos seguintes tres gráficos poden verse de xeito máis claro os datos desagregados por universidade e tipo de acción *Jean Monnet* obtidas ao longo do período examinado.


Gráfico 5: Accións *Jean Monnet* UDC 1989-2016



Fonte: EACEA/Comisión Europea. Elaboración propia

Gráfico 6: Accións Jean Monnet USC 1989-2016

Fonte: EACEA/Comisión Europea. Elaboración propia

Gráfico 7: Accións Jean Monnet UVigo 1989-2016(2)

Fonte: EACEA/Comisión Europea Elaboración propia

En síntese, a participación das tres universidades galegas na acción *Jean Monnet* foi relativamente rápida. Isto permitiulles acumular axiña experiencia de xestión destas accións, cos conseguintes axustes organizativos a nivel administrativo. Tamén destaca a variedade das

(2) No Erasmus+ están previstas accións de tipo investigador. En 2013, a UVigo obtivo a Key Activity 1, “*Jean Monnet Learning EU at School: We are European Citizens*” (2013-2014) e, en 2016, o *Jean Monnet Project “European Culture: A Contribution for a New Narrative of Europe”*

accións obtidas (centro de excelencia, cátedras, módulos...) con predominio dos módulos (en coherencia co número total de accións de cada tipo concedidas pola Comisión Europea nese mesmo período e coas respectivas esixencias de cada unha das accións). Dado que os módulos *Jean Monnet* tratan de achegar os estudos sobre a integración europea a aquel alumnado sen contacto cos mesmos, indirectamente, promóciona a interdisciplinabilidade nos curricula. En termos xerais, as accións *Jean Monnet* promoveron a introdución dunha dimensión ou perspectiva europea en temas ou tópicos en diferentes campos académicos.

No nivel interno de cada institución, ademais dos referidos axustes administrativos, merecen ser subliñadas iniciativas de colaboración entre docentes; é o caso da posta en marcha dun Diploma de Estudos Políticos Europeos con base en tres módulos *Jean Monnet* ou dun Máster en Políticas comunitarias e cooperación territorial na UVigo (impartido conxuntamente coa Universidade do Minho). Finalmente, as accións *Jean Monnet* tamén incidiron na oferta de títulos e materias nos planos de estudo tanto antes (principalmente a través de materias de libre elección; así, as accións *Jean Monnet* actuaron como instrumento de flexibilización dos rixidos planos de estudo) como despois da adaptación ao Plan de Bolonia (graos, posgraos...). Para rematar, outro aspecto a subliñar é a promoción dunha rede académica informal entre docentes das tres universidades.

Bernabé González Fernández

A cuarta onda nacionalista

Cando se fai mención ao nacionalismo remítese a unha das grandes ideoloxías contemporáneas que madurou ao longo do século XIX, e que xunto a outras nadas en dito século como o liberalismo e o marxismo, camiña ao longo da historia de xeito cíclico. Co nacionalismo xurdiron novos Estados-nación; movementos que pularon por dotar ás súas nacións dun recoñecemento internacional; movéronse fronteiras; e cambiaron as identidades colectivas de carácter territorial.

Este carácter cíclico funciona en forma de “ondas”. Unha das primeiras e máis forte foi a iniciada coas revolucións de 1848 e que derivou nos procesos de unificación alemán e italiano. No século XX producíronse ao menos tres grandes ondas coas que apareceron novos Estados, sempre acompañados de turbulencias xeopolíticas internacionais. A primeira no período posterior á Primeira Guerra Mundial, onde o taboleiro internacional se estaba a recompor. Caracterizouse principalmente pola descomposición dos imperios multi-étnicos como o Austrohúngaro, o Imperio Otomán e o Imperio Tsarista; este último refundíndose de forma “federativa” na nova Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas. A segunda onda produciuse tralo fin da Segunda Guerra Mundial en 1945 tamén nun proceso de reorganización, mais en clave de consolidación dos Estados existentes. Neste caso o fenómeno era poboacional tras un proceso de limpeza étnica e migracións forzosas, e caracterizouse por un posterior traslado de milleiros de persoas para acomodalos ao novo trazado fronteirizo que iniciaría a Guerra Fría.

Mención aparte pola súa proximidade ten a terceira onda, iniciada trala caída do Muro de

Berlín en 1989 e co fin do bloque soviético, que deron paso ao nacemento de novas repúblicas no leste de Europa, e que se estendeu durante toda a década coa separación pacífica de Checoslovaquia en 1993 e, especialmente, coa desintegración de Iugoslavia. Xa entrados no século XXI, Montenegro accede a independencia en maio do 2006 e posteriormente Kosovo no 2008. Estes dous últimos fitos parecen mesturarse entre as tensións pendentes nos Balcáns e a actual fase de reivindicación nacional da que se falará máis adiante.

O paradoxo comunitario

Ningún dos fenómenos posteriores á caída do bloque soviético se poden entender sen ter en conta á Unión Europea. Ao longo da historia da UE, a súa consolidación e ampliación relegou en termos xerais as reivindicacións nacionalistas, e o seu funcionamento permitiu ás minorías lingüísticas, aos nacionalismos subestatais ou reivindicacións de autogoberno, unha certa comodidade.

En definitiva, produciríase un efecto dobre, que a UE debilitaría ao Estado-nación e, ao mesmo tempo, a extensión das políticas territoriais, o principio de subsidiariedade e o afondamento da democracia política, obrigaría ao Estado a ceder competencias cara as rexións. Neste ámbito, cabía pensar nun futuro no que a UE se convertera nun Estado especial que harmonizara todo tipo de identidades. E incluso os nacionalistas pragmáticos vían as novas formas de acomodación pacífica para os Estados como España, Bélxica, Reino Unido, Italia ou Finlandia, como un gran paso para un futuro próximo onde Europa

fora o remedio para que as augas turbulentas da ordenación nacional quedaran mansas.

Mais esta crise existencial do Estado-nación non se produciu como tal nin tampouco xurdiu o paradigma multi-identitario ao menos previamente á crise económica iniciada en 2008. As razóns poden ser moitas e aquí fórmulanse algunhas das posibles:

- » a) Non todas as reivindicacións nacionais foron pacíficas. Véxanse por exemplo os conflitos violentos de baixa intensidade e persistentes no tempo como o vasco, o de Irlanda do Norte ou o corso.
- » b) A organización do modelo comunitario e o seu funcionamento territorial deu preferencia a un modelo baseado nos Estados-nación e a un fortalecemento das institucións comunitarias; concretamente concentrando funcións e poder executivo na Comisión e no Consello, e moito menos no caso das institucións de carácter rexional ou popular como é o Parlamento Europeo.
- » c) As estruturas de colaboración creadas para a cooperación interrexional e transfronteiriza como o Consello das Rexións ou a Asemblea de Rexións e Municipios de Europa, esgotaron as súas posibilidades para dar solución aos problemas e inquiredanzas.
- » d) A ampliación da UE cara o leste, ingresando Estados novos e de pronta creación como os bálticos, Eslovenia ou Eslovaquia, ou minúsculos como Malta ou Chipre, e con linguas faladas por poucos centenaes de miles de persoas gozando de oficialidade, contrasta con situacións como as do galego ou catalán que non teñen o mesmo status por non ser linguas oficiais do Estado.
- » e) O xurdimento destes novos Estados no leste de Europa, o seu recoñecemento pola Comunidade Internacional e o seu ingreso como

membros de pleno dereito na Unión, fomentou entre moitos nacionalistas a necesidade evidente de comezar a percorrer o camiño da autodeterminación para chegar acadar a independencia e poder estar en Europa de xeito soberano.

A cuarta onda

Como se mencionou previamente, no 2008 comézase a producir un cambio no ordenamento territorial europeo causado polo impacto da gran crise económica. Os factores socioeconómicos teñen un efecto fundamental sobre o comportamento social e, por tanto, sobre o auxe dos nacionalismos. Deste xeito, é crucial entender o efecto que poden ter variables como os ciclos económicos, o desemprego, as diferenzas económicas interrexionais, as inversións dos gobernos centrais ou os cambios demográficos producidos polos fluxos migratorios.

O primeiro dos factores indicados, os ciclos, é probablemente sobre o que máis se ten escrito. Que influencia teñen sobre os nacionalismos as recesións e os crecementos económicos? Afirmar Piketty que o xurdimento dos nacionalismos europeos coincide coa época de maior desigualdade dada ata o momento, isto é, entre finais do século XVIII e comezos do XIX. Esta afirmación poderíase trasladar á actualidade, nun momento onde rexorden os nacionalismos subestatais, e outros, e que coincide cunha época de fortes desigualdades non vistas dende a primeira metade do século XX, e motivadas en gran medida pola crise do 2008.

Ao menos unha gran parte dos nacionalismos de Europa Occidental nótrese da acumulación de capital durante os períodos de bonanza e aparece nos momentos de crise. Non é por tanto de estrañar que moitas destas rexións (Cataluña, “Pedánea”, Flandres...) sexan máis ricas

que o conxunto do Estado aos que pertencen. Porén, nestes períodos recesivos é cando xorden os debates sobre se as transferencias de fondos a outras rexións menos ricas é excesivo ou se debería ter un sistema fiscal propio, e é cando os movementos nacionalistas cobran forza.

Cómpre falar tamén dos factores político-institucionais, referíndonos ao amplo abano de situacións propias dos debates e tamén á competición política que pode afectar á mobilización ou desmobilización do sentimento nacional. Pódense identificar cuestións de conxuntura política, como a ideoloxía do goberno central, o nivel de desafección cara os partidos dominantes, o grao de relevancia que teñen os partidos rexionais á hora de influír na formación do goberno estatal, a existencia ou non de dous ou máis partidos rexionais competindo polo electorado nacionalista, entre outros. Tamén hai que ter en contra elementos formais vencellados á estrutura territorial do Estado, o recoñecemento das linguas minoritarias, a distribución competencial, o ordenamento dos diferentes niveis de goberno, e tamén as posibilidades de reforma do marco xurídico. O grao de centralización dun Estado e a negativa do goberno a facer concesións rexionais que impliquen unha reforma constitucional teñen impacto sobre o sentimento nacionalista ao non verse cumpridas as expectativas da poboación. Exemplos disto poden suceder cando o parlamento rexional está maioritariamente representado por forzas políticas nacionalistas e diferentes ás do goberno a nivel estatal, como sería o caso de Escocia, ou que o clima político xire en torno á corrupción. Noutros casos o soberanismo busca unha ruptura co sistema político como é en Cataluña e ata hai pouco na Pedánea. Noutros contextos como en Bélxica existen factores propios do sistema constitucional que determinan as bases do nacionalismo, no seu

caso con Flandres e o seu proxecto confederal de escisión social e cultural respecto a Valonia.

Así pois, e tal e como se mencionou, pódese chegar a optar nun momento pola opción da secesión tal e como xa defenden fortemente nacionalistas escoceses, flamencos, cataláns ou vascos. Vencéllase isto coa Unión Europea, xa que en termos xerais estes movementos pulan por integrarse na UE trala independencia. Deste xeito, poderíase dicir que nos atopamos ante unha nova onda, a “cuarta onda”, de expansión nacionalista de corte soberano que á súa vez aspira a integrarse como membro de pleno dereito na Unión.

O ano no que a onda se acelerou

No 2016 as secuelas da crise económica (como o paro, a desigualdade ou a falla de cohesión social) derivaron nunha onda de maior proteccionismo e nacionalismo. Un ano fortemente caracterizado polas reivindicacións do Estado-nación que repercutiron sobre outros fenómenos como os nacionalismos periféricos. Concretamente, o evento do *Brexit* co posterior fortalecemento debido á vitoria electoral de Trump foron os elementos fundamentais. Así, este contexto pódese concretar nos seguintes ámbitos:

- » a) A vitoria do *Brexit* podería chegar a provocar un novo referendo de autodeterminación en Escocia debido a que a súa poboación votou maioritariamente por manterse na UE, sendo a Unión para o nacionalismo escocés un aspecto fundamental no seu proxecto de Estado soberano.
- » b) Vivir na UE implica poder contrastar un fenómeno de dobre fío. Por unha banda, o proxecto comunitario pode ser popular porque reduce as barreiras nacionais, mais ao mesmo tempo crea unha homoxeneidade

que é dificilmente existente. Por exemplo, o País Vasco pode ter máis cousas en común coa Bretaña ou Irlanda que non con Andalucía ou as Illas Canarias. Deste xeito, os fenómenos de recoñecemento nacional collen forza tamén noutras rexións como no Tirol ou Baviera.

- » c) Ademais, centrándonos na perspectiva económica e deixando aparte a cultural, os beneficios que puido traer consigo a UE no seu momento a nivel comercial xa están entendidos a nivel global mediante outros instrumentos como a OMC ou os tratados comerciais.

- » d) Tamén, estes movementos periféricos pódense entender como unha contestación social contra a globalización económica.

Neste senso, en 2016 a tensión en Europa sobre o seu propio futuro estivo latexando e non se clarificará ao menos ata 2017 cando se celebren as eleccións en Francia e na Alemaña. Os nacionalismos de Estado-nación nestes ambos países provocan un forte rexeitamento nos nacionalismos periféricos que tamén poderían seguir cobrando forza como reacción.

Enrique Sáez Ponte

Galiza sube un chanzo nas relacións con Portugal e a Lusofonía

A cultura galega, como ponte entre España e Portugal en particular e a Lusofonía en xeral, é unha oportunidade única para diferenciarnos e facer propostas, no plano interior e internacional, que só poden vir desa nosa posición no mundo. Así nolo transmitiron os galeguistas que conviviron máis de perto coa realidade exterior, como Castelao ou Valentín Paz Andrade. Galiza, a través da súa lingua e do castelán, está conectada de xeito equilibrado con toda Iberoamérica. Nin o conxunto de España nin Portugal poden presumir do mesmo. E ademais están as antigas colonias portuguesas en África, con poboacións novas que se expanden fortemente.

O Consello da Cultura Galega (CCG), impulsado polo seu Presidente Ramón Villares, soubo ler esta realidade e achegouse a ela, dentro das súas funcións. A través do Consello, Galiza conta xa cunha presenza institucional directa na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP), a organización multilateral que coordina e impulsa os intereses comúns dos Estados que teñen o portugués como lingua oficial. A figura de observador consultor nesta plataforma internacional, que ven de serlle outorgada ao CCG no 2016, ten un significativo valor simbólico como recoñecemento oficial da nosa relación coa Lusofonía. Segundo parece deducirse dos datos que fornece a web oficial da CPLP, das máis de 70 organizacións de todo tipo que xa teñen este mesmo estatus, o CCG é a primeira que reside nun país onde a lingua oficial común é o español.

Esa posición institucional ven resaltar a especial proximidade que, desde España, ten o noso país con Portugal e, como consecuencia, cos Estados que ambos deixaron espallados polo mundo cando remataron os seus imperios coloniais. Pero tamén nos lembra que, se queremos, podemos tirar máis partido desa condición. Estase avanzando nesa liña, pero moi devagar a pesares de contarmos coa Lei Valentín Paz Andrade, aprobada por unanimidade no Parlamento galego (11-03-2014), que procuraba dar relevancia legal e práctica a esta realidade histórica.

A conexión natural do galego co portugués é un activo social que nos pode axudar a ser máis competitivos e a mellorar o noso nivel de vida. Todos os que están afeitos a loitar por facer medrar os seus negocios nos complexos mercados actuais saben do difícil que é diferenciarse, conseguir vantaxes permanentes, que non podan ser reproducidas con facilidade polos competidores. Pois ben, as diferenzas culturais son case imposíbeis de copiar, porque son produto exclusivo da longa Historia que cada pobo ten. Non debemos cansarnos de pelexar para defendelas e aproveitelas ao máximo. Non é lóxico renunciarmos sen máis á capacidade de mellora que nos fornece a lingua galega pola súa proximidade ao portugués. Pero adoitamos facelo cando asumimos mansamente, na inercia do sistema educativo e da política, unha visión de nós mesmos que outros nos venden cada día, desde a prepotencia do poder esta-

blecido, para que non aspiremos a ser mellores empregando pancas que eles non coñecen, porque non as teñen.

Aproveitar as potencialidades supranacionais do noso idioma, depende de nós e ten un custe moi baixo. Compre ser pragmáticos, non bloquearse por debates sobre normativas, que requiren de outros prazos, e establecer mecanismos para que os nosos estudantes podan, canto antes, acceder ao dominio do portugués desde o dominio do galego, que adquiren ao longo do proceso educativo. O que lles vai ser fácil. Pero, como é algo peculiar da nosa cultura, aparecen eivas, que hai que superar, derivadas dos sistemas académicos de homologacións, pensados para comunidades con linguas illadas, e de algúns intereses corporativos.

Se nos armamos de determinación estratéxica para defender a potencialidade do noso patrimonio colectivo, pasaremos sen dificultade por riba dos pequenos enguedellos ancorados na burocracia e na pouca fe en nós mesmos. Deberíamos fixarnos obxectivos concretos e ambiciosos e organizarnos ben para conseguir que unha porcentaxe alta dos alumnos rematen o ensino medio dominando o portugués, un idioma que ten máis falantes que o francés, o alemán ou o ruso. Non é difícil nin caro e abriría portas ao noso país como plataforma para as empresas que queiran atender toda Latinoamérica desde un só punto, para desenvolver cursos universitarios en español e portugués, como un lugar onde se podan aprender os dous idiomas...

Pero o que é aínda máis importante: un coñecemento estendido do portugués reforzaría a nosa crecente capacidade de exportación, unha característica moi positiva do tecido produtivo galego. As empresas, especialmente as PEMES que sempre andan máis xustas de estrutura, dispoñerían de persoas con máis facilidade para

moverse no plano internacional. Elas xa saben que é moito máis doado facer negocios cando un é capaz de expresarse na lingua dos clientes aos que se lles quere vender algo. Por iso é tan importante falar varios idiomas. A nós o portugués pódenos saír case gratis o que nos da un arma máis para aumentar o número de empresas exportadoras. Aos que non teñen o galego como lingua propia cústalles moito conseguilo, xa lles gustaría ter a nosa facilidade.

E hai algo máis que un premio económico por ascender a escada que nos achega á Lusofonía. O proceso axuda tamén a reforzar a nosa capacidade política e a nosa comprensión das relacións entre os pobos. A visión simple do Estado unitario, predominante en España, crea graves tensións internas, especialmente nas relacións con Cataluña e Euskadi. Necesítase dunha comunidade autónoma que abra perspectivas diferentes para superarmos enfrontamentos enquistados e só Galiza pode facelo. Non para seguir no papel que se lle ten asignado de ser a “comunidade histórica” que apoia, e con iso reforza, as versións excesivamente planas que predominan nos territorios de lingua común, se non para ser activos en propoñer novas formas de convivencia. Empezando por lembrarllas a todos que a unidade dos pobos hispanos é unha quimera que rachou hai moito tempo coa independencia de Portugal. Consecuencia de circunstancias históricas das que nós fomos os principais prexudicados. Esa vella ferida que arrastramos lexitimamos para defender sistemas de artellamento plurinacional, que axuden a evitar problemas graves, que podan vir pola vía independentista á que adoitan recorrer os que senten esmagadas as súas características diferenciais, e que ademais abran esperanzas dunha futura España diversa que poda chegar a converxer con Portugal nun só Estado

As relacións entre os pobos do mundo tamén viven momentos de tensión. Hai unha tendencia de volta atrás en algúns temas importantes, que poden por en perigo a concordia e mesmo a paz internacional. Faltan solucións institucionais que permitan superar as eivas que unha Humanidade máis numerosa e apertada engade ao modelo institucional dominante: o Estado nación. A Humanidade do século XXI demanda menos barreiras e máis solidariedade, pero parece que dirixentes poderosos queren obrigarnos a camiñar en dirección oposta. Tamén neste plano podemos ter algo que facer: axudar a conseguir que a idea da Europa común, como referencia práctica de novos artellamentos institucionais, se manteña forte entre os habitantes do noso continente. Sería unha modes-

ta achega positiva provinte dun pobo atlántico que é destino final da máis vella infraestrutura europea de comunicación, o Camiño de Santiago, e que conta coa experiencia de ter conexións culturais simultáneas con espazos veciños dirixidos por diferentes Estados soberanos.

Unha visión propia e integradora do mundo debería ser asumida sen dificultade pola maioría dos galegos, ata situarse, como desexaba Ramón Piñeiro, por riba das diferenzas partidarias e converterse nun sólido alicerce común, compartido por todas as alternativas políticas. Só de nós depende desenvolver esa visión galega de vocación supranacional. Aínda hai que traballar moito para logralo, por iso compre agradecer ao Consello da Cultura Galega que, co seu exemplo, nos anime a facelo.

Xoán López Facal

Galiza na dinámica dos fluxos internacionais de capital

Referímonos aos movementos de capital corporativo estranxeiro, de investimentos en proxectos empresariais coñecidos na literatura económica por IED (investimento estranxeiro directo). Unha precisión importante para descartar o capital internacional flotante e fugaz que aflúe á Bolsa e a outros activos financeiros por motivos especulativos ou fiscais.

O movementos de IED están de plena actualidade desde que o actual presidente dos EUA. — o país campión da libre empresa e o libre mercado, críamos saber — inaugura mandato ameazando con represalias arancelarias disuasorias a General Motors, Ford, Toyota e Fiat Chrysler caso de procederem a ampliar as súas instalacións en México, país que conta cunha potentísima industria automobilística de carácter filial grazas á proximidade xeográfica e a baixa remuneración salarial. A cooperación cos EUA experimentou un fortísimo impulso despois da adhesión de México ao tratado Nafta en 1994, que harmoniza o libre comercio entre os EUA, Canadá e México.

A política de murallas imperiais proteccionistas proxectadas polo ominoso e pintoresco magnate que reside hoxe na Casa Branca, ameaza esta arquitectura estendendo ademais este desafío a outras importantes áreas do precario equilibrio internacional.

Aquí, en Galiza, son habituais os sinais de alarma amplificadas pola prensa sobre a suposta usurpación por parte de Portugal das ampliacións en curso da industria auxiliar do automóbil viguesa, concibida máis como mercado cativo

que non, como en realidade é, como segmento de actividade de ámbito euro rexional. Empobrecer o veciño foi sempre a tentación dos que opinan que a actividade económica é un xogo de suma cero.

O informe 2015 da UNCTAD⁽¹⁾ (Conferencia da ONU sobre Comercio e Desenvolvemento) relativo a fluxos de capital na economía mundial, estima o capital internacional circulante en concepto IED en 2014 en torno aos 1,3 billóns (10¹²) de dólares. Destaca o feito de seren os *países desenvolvidos* — case todos os membros da OCDE (Unión Europea, EUA Canadá, Australia e Xapón, como máis destacados) os destinatarios do 41% das entradas e do 61% das saídas de capital. Os *países en desenvolvemento* — concepto que incorpora a case a totalidade do resto da poboación mundial (África, Asia, Latino América, Oceanía) terían absorbido o 56% das entradas e emitido o 35% das saídas. O resto do mundo, cualificado como *economías en transición* (Federación Rusa e o seu entorno) non alcanzaron o 4% das entradas e o 5% das saídas.

Un recente informe de Eurostat sobre o balance financeiro da UE⁽²⁾ como saldo entre os activos posuídos e créditos externos debidos ao resto do mundo é negativo por importe de 24.273,8 – 26.831,2 = -2.557,4 miles de millóns de euros. A UE debe ao resto do mundo 2,6 billóns de euros en termos netos. A situación, non obstante,

(1) http://unctad.org/es/PublicationsLibrary/wir2015overview_es.pdf.

(2) International investment position statistics, Agosto 2016: http://ec.europa.eu/eurostat/statistics-explained/index.php/International_investment_position_statistics

é a inversa cando falamos da sub balanza dos movementos IED, neste caso, a UE é prestamista acreedora por $8.097,2 - 6.506,2 = 1.590,9$ m.m. euros: 1,5 billóns de euros, equivalente ao 10,9% do PIB da Unión, un volume considerábel.

Os movementos de capitais son moito máis descoñecidos e analizados que os consabidos movementos comerciais de exportacións e importacións. Sen embargo, ambos forman parte da Balanza de Pagamentos de calquera país co resto do mundo. Os fluxos IED, de adquisición de activos e valores que confiren título de propiedade sobre empresas comportan un elevado potencial de impulso innovador das estruturas empresariais; os movementos comerciais son unha compoñente fundamental da demanda agregada (à par do consumo e o investimento público e privado), e como tal, do comportamento do PIB.

Igual que o resto das CC.AA, Galiza carece do instrumental estatístico para elaborar a súa Balanza de Pagamentos fronte ao exterior, circunstancia que nos priva dun instrumento interpretativo de primeira orde.


Dispomos en todo caso dunha importante base documental desagregada por CC.AA. relativa aos fluxos financeiros co estranxeiro. Referímonos á base *Datainvex* do Ministerio de

Economía, Industria e Competitividade. Como xa adiantamos, procederemos a extraer as cifras relativas á dinámica IED, complementando a información co balance dos activos estranxeiros posuídos por foráneos en Galiza e por galegos no exterior. Facemos caso omiso das carteiras valores xestionados polas Entidades de Tenza de Valores polo seu carácter transitorio e especulativo.

En resumo, os fluxos de investimento entrantes en Galiza desde 1993 até o último trimestre de 2016 alcanzaron os 3.718 millóns de euros e os saíntes 15.507 millóns, cifra que cuadriplica amplamente a cifra anterior de recepcións. O capital entrante procede fundamentalmente de Portugal (1.166 millóns), seguido do Reino Unido (589 millóns) e de Italia (308 millóns). O saínte, diríxese principalmente cara os EUA (2.165 millóns), Brasil (1.875) e o Reino Unido (1.470). A fluuación dos fluxos entrantes e saíntes é marcadamente aleatoria sen deixar por iso de marcar un certo patrón ondulatorio representativo dos momentos en que se concentra a actividade investidora.

Canto á distribución do investimento por CC.AA, o resultado, tal como era previsíbel, revela a modesta posición da economía galega na

Dinámica do investimento estranxeiro entrante e saínte de Galiza
(millóns de euros)



dinámica IED relativa a España. Madrid e Barcelona confirman o seu papel de *capitais do capital*, tanto en fluxos entrantes (58,8% e 14,8% respectivamente) como saídas (58,0% e 10,7%). Galiza absorbe apenas o 0,8% das entradas e o 1,8% das saídas no período considerado entre o conxunto das CC.AA.

A Datainvox proporciona tamén como dixemos a posición ou balance dos activos estranxeiros en Galiza e dos activos galegos colocados no estranxeiro. *En 2014, Galiza acumulaba activos no estranxeiro por valor de 13.643 millóns de euros e rexistraba activos de titularidade estranxeira por valor de 382.349 millóns de euros.* Un patrimonio considerábel 28 veces superior. Da importancia do investimento estranxeiro domiciliado en Galiza da boa fe o feito do seu importe multiplicar case por sete o PIB de 2014 que ascendía a 55.030 millóns de euros.

O mapa do stock de capital de titularidade galega no exterior privilexia notabelmente os EUA (2.943 millóns, 21,6%), seguidos de Gran Bretaña (6,9%), Luxemburgo (6,1%) e os Países Baixos (5,9%) — ambos con inequívoca connotación financeira — seguidos de Portugal (764 millóns, 5,6%), Francia (5,4%) e Brasil (704 millóns, 5,2%). Temos que avanzar ao décimo terceiro posto para encontrar a China (332 millóns, 2,4% do total).

Moito máis relevante como sabemos é a análise da distribución do stock de capital de 382.349 millóns de euros investidos por titulares estranxeiros en Galiza. En que sectores de actividade se concentran e cal é a orixe xeográfica da súa titularidade?

Os sectores de actividade CNAE 2009 máis favorecidos polo afluxo de capital externo son: [35] Subministro de enerxía e gas (15,6%), [23] Fabricación de produtos non metálicos, como cerámica, cemento e derivados (8,3%); [46] Co-

mercio polo groso de materias primas —agrarias, pesqueiras, combustíbeis, téxtiles, minerais metálicos, entre outras— (6,6%); [61] Telecomunicacións por calquera medio (6,0%); [29] Fabricación de vehículos e compoñentes (5,4%); [24] Metalurxia, ferroalixes e elaborados metálicos (4,8%). Este conxunto acumula o 50% do stock de capital colocado en Galiza polos investidores estranxeiros. As porcentaxes están referidas ao monto total acumulado de 382.349 millóns de euros incorporados á nosa economía. Seguen outros sectores como: [64] Actividades financeiras e seguros (3,9%); [68] Negocio inmobiliario (3,7%); [21] Química farmacéutica (3,3%) e outras de menor importancia. É pertinente destacar o feito de que a nosa C.A., ao contrario das insulares e situadas no arco mediterráneo non resulta atractiva para o capital afluente ao negocio inmobiliario, circunstancia que non podemos por menos de xulgar como moi positiva.

Datainvox permítenos indagar tamén a orde e importancia dos investidores presentes en Galiza. Encabezan o listado os Países Baixos (28,7% con 94.727 millóns investidos) seguidos de Italia (13,0%), Luxemburgo de novo (11,3%), Francia (9,3%), Alemaña (6,8%), Gran Bretaña (6,7%), Portugal (6,3% con 20.761 millóns investidos) os EUA (5,2% con 17.265 millóns) que concentran en conxunto do 87,5% do stock de capital estranxeiro en Galiza.

O portal do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade *Invest in Spain* ofrece unha útil selección de empresas operantes en Galiza e a súa titularidade:

País de orixe	Empresa	Sector
Alemaña	Möllertech Orense, SL	Automoción
	Bosch Security Systems	Call center
	SGL Carbon, S.A	Fabricante de compoñentes de grafito
	G.I. Granitos Ibericos, S.A.	Extracción de minerais
Dinamarca	Vestas Nacelles Spain, S.A.	Fabricación de muíños de enerxía eólica
Estados Unidos	Mivisa Envases, S.A. (Crown Holdings)	Fabricante de envases metálicos
	Stream - Convergys	Call Center
	Peco Facet Iberica, S.A. (Clarcor)	Fabricantes de filtros
	Alcoa Inespal, S.A.	Producción de alumina
Francia	Peugeot Citroen Automoviles España, SA	Automoción
	ADHEX TECH TAPES	Automoción
	Faurecia Automotive	Automoción
	Advanced comfort Systems Ibérica, S.L	Automoción
Japón - Italia	Denso Sistemas Térmicos España, S.A.	Automoción
Noruega	Stolt Sea Farm	Acuicultura
Venezuela	Top Sinergy Services	Fabricantes de produtos metálicos
Reino Unido	GKN Driveline Vigo	Automoción
	Promens Ibérica, S.A (RPC Group)	Fabricación De Produtos Isotérmicos
Suíza	Lonza Biologics Porriño, S.L. (Lonza Group)	Biotecnoloxía

Faltan no cadro gran número das empresas, especialmente do segmento da empresa auxiliar do automóbil que se agrupa no clúster CEAGA e que constitúe, xunto coa súa cabeceira industrial o grupo PSA Citroën, un auténtico paradigma das virtudes do IDE con vocación de permanencia industrial.

Non podemos esquecer outras operacións de especial importancia para Galiza como Leite Celta (Pontedeume) adquirida en 2006 de polo grupo portugués Lactogal á corporación estadounidense Deal Foods ou o grupo galego Corporación del Noroeste, antes Cementos del Noroeste, que o xigante cementeiro de Brasil Votorantim Cimentos conseguía arrebatarse en 2012 ao seu anterior propietario, Cimentos de Portugal (Cimpor).

Non podemos esquecer das recentes operacións de captación de capital internacional en busca de oportunidades no sector industrial. Casos como a adquisición do 51% dos históricos estaleiros vigueses Barreras pola petroleira pública mexicana Pemex ou do grupo Polyships Rodman pola corporación chinesa angolana China Sonangol. O capital chinés, queremos lembrar, xa protagonizara a compra de Gándara Censa (1965) no ano 2011.

Andrea M. García Corzo

A nosa Axencia Municipal da Cooperación Galega

O 12 de decembro de 1997 botaba a andar o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Un fondo que democratiza a participación de todos os concellos e deputacións de Galicia na súa política mancomunada de cooperación ao desenvolvemento. Ata entón, a cooperación que realizaban as entidades locais galegas caracterizábase, en termos xerais, por non facer aproveitamento das nosas potencialidades e vantaxes comparativas, non contar con persoal experto para a súa xestión, nin tampouco con recursos significativos. A continuidade das axudas non estaba garantida e a dispersión xeográfica do destino deses recursos era evidente, ao non haber un criterio común. Mais o logro máis destacado do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, amais da súa contribución para a erradicación da pobreza e as desigualdades norte-sur, é que outorga unha identidade de país á cooperación municipalista que se leva a cabo desde Galicia. Poñer en valor a nosa cultura, a nosa historia e a nosa peculiaridade de pobo emigrante fai que as accións de cooperación que se impulsan estean cargadas de sentido e garantan unha aprendizaxe e traballo en pé de igualdade.

Tras vinte anos de percorrido, o Fondo Galego celebra os éxitos acadados co seu modelo de funcionamento, que serve como referencia a outras entidades españolas e europeas. O camiño non foi doado, como nunca o é cando se trata de grandes avances.

O xermolo do seu nacemento tivo lugar o 30 de novembro de 1996, cando, nun encontro auspiciado polo Igadi no Concello de Nigrán se

reuniron representantes da FEGAMP, da FEMP, da Xunta de Galicia e da Oficina de Información das Nacións Unidas. O obxectivo era establecer un diálogo entre as Entidades Locais e as ONGD. A conveniencia de crear un Fondo Galego foi a conclusión unánime. Unha comisión mixta formada pola FEGAMP e polo IGADI foi a encargada de fixar unha estratexia de cara á constitución do Fondo Galego. Tras a elaboración do relatorio “Poder local e cooperación internacional” por parte do Igadi, publicado no número 132 da revista Grial en 1996, e tras manter encontros con outros Fondos do Estado, o 27 de xuño de 1997 apróbanse os Estatutos e a Declaración Programática recollendo os pareceres de Entidades Locais, da FEGAMP, da FEMP e dos Fondos xa existentes no Estado. Por decisión da Asemblea Xeral de socios, o Igadi asumiu a responsabilidade da Secretaría do Fondo, garantindo o seu bo funcionamento e a súa continuidade fronte os cambios que puideran acontecer tras os procesos electorais.

Así as cousas, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade nace no ano 1997 froito das ansias de solidariedade da cidadanía galega, que reclamaba unha maior implicación das administracións locais na loita contra a pobreza e as desigualdades a nivel mundial. Movementsos coma o do 0,7% e o auxe das ONGD durante a década dos 90 foron o caldo de cultivo que deu lugar á explosión da demanda de solidariedade por parte da cidadanía.

Tratábase de asumir un compromiso franco co desenvolvemento, nun espazo de encontro

de todas as sensibilidades políticas e superador de localismos.

A cooperación municipalista cobraba entón peso e sentido para o noso país, á vez que se gañaba en coherencia, continuidade, eficacia e eficiencia, pertinencia e impacto nas accións de cooperación ao desenvolvemento dos nosos concellos e deputacións socias.

Máis de 100 concellos e as catro deputacións chegaron a formar parte da que é a Axencia Municipal da Cooperación Galega. Cooperar desde o eido local supón unha oportunidade de levar a cabo unha política e unhas accións de solidariedade libres de condicionamentos comerciais. Por outra banda, as entidades locais, como institucións máis achegadas á poboación, deben recoller e estimular a crecente preocupación social ante a crítica situación en que sobrevive a inmensa maioría da poboación. O Fondo Galego fai fincapé en ambas cuestións, xa que o groso do seu labor se distribúe en dúas grandes áreas: cooperación ao desenvolvemento (nos países do sur) e educación para a cidadanía global (en Galicia). Non poden entenderse a unha sen a outra xa que, para provocar cambios globais non podemos obviar a responsabilidade que recae sobre as sociedades e gobernos do norte.

Cabo Verde, Cuba, Nicaragua, Perú e Mozambique foron os países que máis recursos recibiron da cooperación impulsada polo Fondo Galego. Os países latinoamericanos, cos que mantemos un vínculo histórico, foron sempre unha reivindicación das principais ONGD en Galicia. Mais, isto en nada nos diferencia dos demais Fondos de cooperación do Estado. O Fondo Galego, para maior aproveitamento dos nosos recursos e potencialidades, definiu unha liña clara de traballo cos países lusófonos, que casualmente, son os que acadan os peores datos de empobrecemento e desigualdades sociais. Po-

rén, a proximidade cultural e lingüística cos países lusófonos permítenos cooperar cos países e municipios que máis o precisan. Esta vantaxe comparativa é outra das notas características do noso Fondo.

Ademais de proxectar a Galicia no mundo, grazas a esta faceta solidaria tan arraigada na nosa colectividade, o mundo tamén é proxectado en nós a través das múltiples actividades de educación para a cidadanía que se levan a cabo en Galicia, a través das que se trata de dar a coñecer as situacións reais dos pobos do Sur e fomentar o respecto polos Dereitos Humanos Universais. Contacontos, exposicións, concursos de fotografía, charlas, obradoiros, visitas dos nosos parceiros, visitas aos proxectos que apoiamos, programa de voluntariado para persoal técnico dos concellos e deputacións socias, etc.

O Fondo Galego ten así unha vocación internacionalista para poñer o acento nas cuestións de xustiza social.

O noso modelo, sinxelo e funcional, serviu como referencia para a creación da Rede Intermunicipal de Cooperación ao Desenvolvemento (RICD), o noso homólogo portugués, no período 2010-2013. Así mesmo, o Fondo Galego tivo un papel destacado ao exportar o noso modelo de xestión de actividades de sensibilización a outros actores europeos de Alemaña, Holanda e Portugal, entre os anos 2014-2017. Cabe destacar tamén a integración do Fondo Galego na Confederación Española de Fondos de Cooperación, onde ocupa actualmente unha Vogalía.

A pesares dos recoñecementos internos e externos polos logros conseguidos nestes 20 anos, non cabe dúbida de que aínda queda un longo camiño por percorrer. Nembargante, pese as dificultades dos últimos anos, ábrese para o Fondo Galego un período de crecemento e expansión. O relanzamento do Fondo Galego é xa

unha realidade. O novo contexto sociopolítico así o demanda. Sumar recursos e apoios e xerar un estado de opinión favorable á cooperación seguirá sendo a nosa guía para os vindeiros anos.

Unha ollada á Tradución ao Galego en 2017

Hoxe boto a vista atrás e lembro as case dúas décadas que levo traballando como tradutor profesional en Galicia. Foi unha viaxe que comecei cheo de ilusión, vendo como se normalizaba o uso do galego en todos os eidos e coa esperanza de facer a miña achega a esa normalización. A viaxe foi accidentada e, aínda que tivo moito de bo, tamén puideron ver como deixou de facerse moito ou mesmo algunhas cousas cambiaron a peor. Non sei se será polo cinismo que traen consigo os anos, pero teño a impresión de que, desta vez, aquel tempo pasado si que foi mellor.

Esta andaina comezou na licenciatura de Tradución e Interpretación, que viña de estrear-se na Universidade de Vigo e que era *o* e segue sendo *o* a única do mundo que conta co galego entre os seus idiomas de especialización. Moitas promocións pasaron por aquelas aulas e os licenciados acabaron espaxándose polo mundo adiante, xa que alí onde ían eran ben recibidos por gozar dunha excelente formación que os cualificaba para postos moi diversos e de gran responsabilidade. Mais o Plan Bolonia deixou a titulación irrecoñecible: alí onde os licenciados saían da carreira con cinco anos de experiencia traducindo e cunha habilitación oficial para exercer como tradutores e intérpretes xurados, os novos graduados saen da facultade cun título de menos créditos que adía o comezo da práctica da tradución ata o terceiro curso *o* co que se gradúan con tan só dous anos de experiencia traducindo— e sen ningunha clase de habilitación oficial. Se a isto lle unimos que a crise económica levou case á eliminación dos profesores asocia-

dos *o* profesionais en activo que lles daban aos alumnos unha perspectiva directa do mercado laboral da tradución *o*, o que á súa vez implicou un incremento excesivo da carga de traballo dos profesores titulares, o resultado é unha titulación de grao empobrecida a nivel académico e moi desconectada da práctica profesional.

A mencionada habilitación para o corpo de tradutores xurados é outra das grandes oportunidades perdidas para a normalización do galego no mundo da administración. É certo que, á hora de elixir entre facer unha tradución oficial, o cliente ten unha tendencia natural a elixir o castelán como lingua meta, pois o documento en galego só terá validez no noso país mentres que o documento en castelán terá validez en toda España *o* Galicia incluída, claro está *o* e en moitos estados estranxeiros. Con todo, o goberno galego tivo unha ocasión de ouro para fomentar a tradución xurada ao galego dadas as características dos sistemas de habilitación: alí onde os exames do Ministerio de Exteriores tiñan un deseño anacrónico de orixe funcional, contidos que nada tiñan que ver coa tradución xurídica e a necesidade de desprazarse a Madrid para superalos, os exames da Xunta de Galicia estaban feitos por e para tradutores, os temarios axustábanse á práctica real deste tipo de tradución especializada e convocábanse na nosa capital, Santiago de Compostela. As vantaxes eran moitas e sempre houbo grande interese entre o colectivo por conseguir as habilitacións de galego; pero, por desgraza, esa oportunidade foi desperdiciada pola desidia dos nosos gobernantes, que decidiron que non era necesaria esta normalización no seu eido e abandonaron a convocatoria dos exames habilitantes mentres os do Ministerio se mantiñan e comezaban a actualizarse, ironicamente a semellanza de como viñera facendo a Xunta noutros tempos máis felices para a nosa lingua.

E, falando de felicidade, non quería deixar de referirme a unha das ferramentas normalizadoras que máis ledicia deu ao pobo e que máis éxito tivo naquel pasado que agora me parece tan remoto: a tradución audiovisual. Poucas medidas tiveron tanto éxito na recuperación do uso do galego como que a RTVG ofrecese contidos atractivos para todos os públicos, sobre todo para os máis novos; e así se fixo na década dos noventa coa tradución ao galego de moitas series para a rapazada —bendito Xabarín Club!¹, mais tamén series para adultos, películas clásicas e de actualidade, sen esquecer programas non traducidos como as retransmisións deportivas, que en conxunto lle deron un pulo increíble á nosa lingua. Que foi daquela calidade e variedade? Calquera diría que ao goberno actual só lle interesa emitir para seu electorado específico, consumidor duns produtos audiovisuais moi concretos que non interesan moito ao resto da cidadanía, e basear as súas adquisicións de material estranxeiro no aforro, o que redundará na falta de interese dos espectadores e leva a unha práctica censurable como é a de comprar filmes hispanoamericanos e non molestarse sequera

en traducilos coa escusa de que son en versión orixinal. Mesmo podemos observar que películas e series que se venden en DVD ou Blu-ray e sabemos que están dobradas ao galego porque as vimos emitidas ofrécese con dobraxe ao castelán, ao catalán pero non ao galego debido a unha absurda política de venta de dereitos que fai que as distribuidoras nin contemplan sequera incluír a nosa lingua nos seus produtos.

O feito de que moitos profesionais de categoría se visen obrigados a marchar á emigración pola falta de oportunidades no mercado laboral galego foi un cravo máis no ataúde que se lle preparou á tradución ao galego ao longo de todos estes anos. Galicia sempre se desangrou por mor das curtas miras dos nosos gobernantes, e estes tempos que vivimos non son unha excepción. Xa nin sequera lles pedimos que poñan da súa parte para fomentar o noso, é que estamos nun momento en que nos conformamos con que non nos poñan máis atrancos cando intentamos protexelo. Sei que esta ollada resulta especialmente desalentadora e que todo parece estar revirado; pero o traballo hai que facelo e, contra vento e marea, seguimos adiante.

Fernando Moreiras Corral

Unha ollada á Tradución ao Galego en 2017

Hoxe boto a vista atrás e lembro as case dúas décadas que levo traballando como tradutor profesional en Galicia. Foi unha viaxe que comecei cheo de ilusión, vendo como se normalizaba o uso do galego en todos os eidos e coa esperanza de facer a miña achega a esa normalización. A viaxe foi accidentada e, aínda que tivo moito de bo, tamén puideren ver como deixou de facerse moito ou mesmo algunhas cousas cambiaron a peor. Non sei se será polo cinismo que traen consigo os anos, pero teño a impresión de que, desta vez, aquel tempo pasado si que foi mellor.

Esta andaina comezou na licenciatura de Tradución e Interpretación, que viña de estrear-se na Universidade de Vigo e que era —e segue sendo— a única do mundo que conta co galego entre os seus idiomas de especialización. Moitas promocións pasaron por aquelas aulas e os licenciados acabaron espaxándose polo mundo adiante, xa que alá onde ían eran ben recibidos por gozar dunha excelente formación que os cualificaba para postos moi diversos e de gran responsabilidade. Mais o Plan Bolonia deixou a titulación irrecoñecible: alí onde os licenciados saían da carreira con cinco anos de experiencia traducindo e cunha habilitación oficial para exercer como tradutores e intérpretes xurados, os novos graduados saen da facultade cun título de menos créditos que adía o comezo da práctica da tradución ata o terceiro curso —co que se gradúan con tan só dous anos de experiencia traducindo— e sen ningunha clase de habilitación oficial. Se a isto lle unimos que a crise económica

levou case á eliminación dos profesores asociados —profesionais en activo que lles daban aos alumnos unha perspectiva directa do mercado laboral da tradución—, o que á súa vez implicou un incremento excesivo da carga de traballo dos profesores titulares, o resultado é unha titulación de grao empobrecida a nivel académico e moi desconectada da práctica profesional.

A mencionada habilitación para o corpo de tradutores xurados é outra das grandes oportunidades perdidas para a normalización do galego no mundo da administración. É certo que, á hora de elixir entre facer unha tradución oficial, o cliente ten unha tendencia natural a elixir o castelán como lingua meta, pois o documento en galego só terá validez no noso país mentres que o documento en castelán terá validez en toda España —Galicia incluída, claro está— e en moitos estados estranxeiros. Con todo, o goberno galego tivo unha ocasión de ouro para fomentar a tradución xurada ao galego dadas as características dos sistemas de habilitación: alí onde os exames do Ministerio de Exteriores tiñan un deseño anacrónico de orixe funcional, contidos que nada tiñan que ver coa tradución xurídica e a necesidade de desprazarse a Madrid para superalos, os exames da Xunta de Galicia estaban feitos por e para tradutores, os temarios axustábanse á práctica real deste tipo de tradución especializada e convocábanse na nosa capital, Santiago de Compostela. As vantaxes eran moitas e sempre houbo grande interese entre o colectivo por conseguir as habilitacións de galego; pero, por desgraza, esa oportunidade foi desperdiciada

pola desidia dos nosos gobernantes, que decidiron que non era necesaria esta normalización no seu eido e abandonaron a convocatoria dos exames habilitantes mentres os do Ministerio se mantiñan e comezaban a actualizarse, ironicamente a semellanza de como viñera facendo a Xunta noutros tempos máis felices para a nosa lingua.

E, falando de felicidade, non quería deixar de referirme a unha das ferramentas normalizadoras que máis ledicia deu ao pobo e que máis éxito tivo naquel pasado que agora me parece tan remoto: a tradución audiovisual. Poucas medidas tiveron tanto éxito na recuperación do uso do galego como que a RTVG ofrecese contidos atractivos para todos os públicos, sobre todo para os máis novos; e así se fixo na década dos noventa coa tradución ao galego de moitas series para a rapazada —bendito Xabarín Club!—, mais tamén series para adultos, películas clásicas e de actualidade, sen esquecer programas non traducidos como as retransmisións deportivas, que en conxunto lle deron un pulo increíble á nosa lingua. Que foi daquela calidade e variedade? Calquera diría que ao goberno actual só lle interesa emitir para seu electorado específico, consumidor duns produtos audiovisuais moi concretos que non interesan moito ao resto da cidadanía, e basear as súas adquisicións de ma-

terial estranxeiro no aforro, o que redundará na falta de interese dos espectadores e leva a unha práctica censurable como é a de comprar filmes hispanoamericanos e non molestarse sequera en traducilos coa escusa de que son en versión orixinal. Mesmo podemos observar que películas e series que se venden en DVD ou Blu-ray e sabemos que están dobradas ao galego porque as vimos emitidas ofrécese con dobraxe ao castelán, ao catalán... pero non ao galego debido a unha absurda política de venta de dereitos que fai que as distribuidoras nin contemplan sequera incluír a nosa lingua nos seus produtos.

O feito de que moitos profesionais de categoría se visen obrigados a marchar á emigración pola falta de oportunidades no mercado laboral galego foi un cravo máis no ataúde que se lle preparou á tradución ao galego ao longo de todos estes anos. Galicia sempre se desangrou por mor das curtas miras dos nosos gobernantes, e estes tempos que vivimos non son unha excepción. Xa nin sequera lles pedimos que poñan da súa parte para fomentar o noso, é que estamos nun momento en que nos conformamos con que non nos poñan máis atrancos cando intentamos protexelo. Sei que esta ollada resulta especialmente desalentadora e que todo parece estar revirado; pero o traballo hai que facelo e, contra vento e marea, seguimos adiante.

Os Autores/as

Celso Cancela Outeda

é Doutor en Dereito e licenciado en Ciencias Políticas e da Administración, profesor na Universidade de Vigo onde dirixe a Cátedra *Jean Monnet Understanding the European Union in the 21th century*.



Constantino Cordal Rodríguez

é profesor da Área de Ciencia Política e da Administración, Universidade de Vigo.



Luca Chao

é portavoz en materia exterior do grupo parlamentario de En Marea.



Juan M. Díaz Villoslada

é portavoz en materia exterior do grupo parlamentario do PSdeG.




Jesús Gamallo Aller

é director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.



Andrea Manuela García Corzo

é secretaria do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

**Bernabé González Fernández**

é politólogo e especialista en negocios internacionais formado na USC, ICADE e UDIMA.

**Xoán López Facal**

é economista.

**Mónica López Viso**

é profesora da Área de Ciencia Política e da Administración na Universidade de Vigo.


**Ana Miranda**

é portavoz do BNG en Bruxelas.



Fernando Moreiras Corral


é presidente da Asociación de Tradutores Galegos.

**David Reinero González**

é xornalista.

**Xulio Ríos**

é director do IGADI.

**Enrique Sáez Ponte**

é membro do Consello Reitor do IGADI.



